

Concello e
Marea Atlántica
acordan crear
empresa pública
enerxética



Páxina 6

O PSdG pide á
Xunta impulsar
políticas para
abolir a
prostitución



Páxina 8

Turismo de
Galicia promove
as camiñadas en
contornas
senlleiras



Páxina 13

A Xunta
xestiona a
biomasa forestal
en Cualedro e
Monterrei



Páxina 14

O Concello de
Allariz xa ten
orçamento
para 2022



Páxina 19



O AVE chegou a Ourense en viaxe de proba

Páxina 11

Entrevista



Valentín González Formoso
Novo secretario xeral do PSdeG/PSOE

“No PSdeG temos
ideas e talento para
gobernar Galicia”

Páxina 9



A entidade galega Asicotur entra na Organización Mundial de Turismo

A Asociación Internacional para a Cooperación Turística, Asicotur, foi designada como nova integrante da Organización Mundial de Turismo (OMT) en calidade de «membro afiliado». A decisión adoptouse no marco da vixésimo cuarta reunión da asemblea xeral da organización.

Asicotur está presidida por Alejandro Rubín Carballo, exgerente de Expourense, e o obxectivo da mesma é fomentar a cooperación no ámbito turístico. Un campo con grandes posibilidades de desenvolvemento e «unha demanda que moitos detectamos nas nosas relacións profesionais», segundo expresa Rubín Carballo na páxina web da entidade.

A asociación sostén que o status de Membro Afiliado da



O ourensán Alejandro Rubín Carballo.

OMT só osténtano outras cincocentas empresas, institucións, destinos e oenegués do mundo e que se trata da primeira asociación de Galicia en obter o devandito recoñecemento.

O proxecto liderado por Ale-

jandro Rubín ten como obxectivo “o ideal de cooperación e desenvolvemento en común de estratexias turísticas” e desde a súa nova condición reforzase a conexión con outros grupos e o intercambio de coñecementos.

Premio Risco de Ciencias Sociais para Carlos Quiroga



Carlos Quiroga.

Carlos Quiroga, profesor da Universidade de Santiago de Compostela recolleu en Castro Caldelas o Premio Vicente Risco das ciencias sociais na súa XXV edición. No acto presentouse o libro premiado “A costela galega de Eça de Queirós”.

O acto contou coa presenza da alcaldesa da localidade, Sara Inés Vega, e da rexidora de Allariz, Cristina Cid. Tamén participaron o vicepresidente da Deputación, César Fernández e a presidenta

da Fundación Vicente Risco, Celia Pérez.

Isabel Mociño como membro do xurado leu a acta, na que o xurado destacou a calidade da obra e a descrición social que se fai nela da raia galego portuguesa.

Carlos Quiroga pechou o acto agradecendo o galardón nun país no que “é difícil gañar premios en galego portugués” nunha sesión con presenza política moi variada de PSOE, PP e BNG.

O PSdeG da inicio ao seu XIV Congreso co lema "A Galicia que Avanza"

O PSdeG celebrará o 7 e 8 de decembro o seu 14 Congreso co lema “A Galicia que Avanza” e co obxectivo de “abrir unha nova etapa de modernización” das estruturas do partido. Así o anunciaron Blas García, Teresa Facal e Ana Pena como representantes da Comisión Organizadora do conclave que comezará coa proclamación de Valentín González Formoso como secretario xeral e contará con Pedro Sánchez para a clausura o mércores día 8.

O Congreso mobilizará a máis de 1.000 militantes citados o próximo martes no Palacio de

Congresos de Santiago de Compostela, incluíno aos 500 delegados e delegadas elixidos nas agrupacións locais.

A xornada inaugural acollerá, sinalou, a apertura e proclamación de Valentín González Formoso logo de vencer nas eleccións primarias do PSdeG, que intervirá xunto co secretario de Organización do PSOE, Santos Cerdán. Nesta xornada estarán convidados os expresidentes socialistas Emilio Pérez Touriño e Fernando González Laxe, ademais de representantes dos sindicatos galegos e dos socialistas de Portugal. Tamén acollerá o informe de xestión do an-

terior secretario xeral, Gonzalo Caballero, serán debatidas as 2.148 emendas presentadas á Ponencia Marco.

A segunda xornada, xa o 8 de decembro, comezará coa votación dos órganos nacionais galegos, que son a Comisión Executiva Nacional Galega, o Comité Nacional Galego, o Comité Federal e a Comisión de Ética. Como remate terá lugar a clausura do evento a cargo do novo secretario xeral, Valentín González Formoso, xunto co secretario xeral do PSOE e presidente do goberno, Pedro Sánchez.

Pola súa banda, Gonzalo Caballero reivindicou a importancia



Blas García (centro) xunto a Teresa Facal e Ana Pena.

dos “dereitos democráticos” nos partidos políticos e, nomeadamente, no PSdeG, unha formación que “sempre se caracterizou pola defensa da democracia, da participación e da liberdade”.

Caballero rexeitou calquera tipo de “ataque ás liberdades e á democracia interna” no PSdeG. As

normas establecen que se unha candidatura obtén un 20% dos votos estará presente nos órganos que se elixen.

Trasladou respaldo e apoio a Formoso como novo secretario xeral electo. Pero ademais, sinalou, “necesitamos un partido forte, con órganos fortes e democráticos”.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldes – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXO ATLÁNTICO
REVISTA DE CULTURA E POLÍTICA



Cara a onde imos, ou nos levan?

Cada vez que teño que escribir un texto para o que se chama un editorial, atópome diante dunha situación realmente complicada. Non porque non teña material a man para escribir de moitos temas; non digo de todos porque sería unha petulancia pola miña parte, pero si de bastantes. Sen embargo hoxe síntome dominado por unha estraña sensación de impotencia para escribir algo que a vostedes lle poida interesar e, sobre todo, servir para algo nas súas vidas.

Chegado a este punto de incerteza, de indecisión, tomei o camiño mais sinxelo: trasladarlles parágrafos, frases duns cantos libros e lecturas xornalísticas que teñen unha tremenda relación entre si e poden servírnos, polo menos, para matinar que pode haber de certo nas cousas que nos anuncian.

Tratase dun artigo do xornal El País (28/11/2021), de Sergio C. Fanjul que titula “¿Quién se cree la versión oficial?; dun libro de Cristina Martín Jiménez, que leva por título “PERDIDOS (Los planes secretos del Club Bilderberg)”; do libro de José María Lasalle titulado “Ciberleviatán. El colapso de la democracia liberal frente a la revolución digital”, e finalmente darelles detalles doutro libro de máis de 500 páxinas que se denomina “La era del capitalismo de la vigilancia”, de Shoshana Zuboff.

Seguirei este mesmo orde porque penso que pode ser máis entendible xa que, son relatos que, dalgún xeito, se suceden no tempo; agás o artigo de Sergio C. Fanjul que ven de ser publicado días atrás.

Fanjul prantéxanos unha realidade que como se ven dando paso a paso non nos decatamos da súa importancia: a confianza entre os membros desta nosa sociedade que o autor do artigo asegura se está derrubando. Sobre esta cuestión permítanme abusar da súa paciencia e trasladarme aos primeiros anos da miña existencia. Estou falando da década dos 40/50/60 máis ou menos. Daquela a confianza era algo consustancial coa vida mesma. Iso non quere dicir que algunhas persoas non foran desconfiadas, que o eran. Refírome á sociedade no seu conxunto. Os veciños, nas aldeas, eu son un home criado nunha aldea da que saín unha vez rematada a carreira aos 20 anos, fiábanse uns dos outros. Pensen nas desaparecidas tendas do rural nas que se podía ver con toda claridade un gancho de arame do que colgaban unha serie de notas de papel nas que o tendeiro anotaba o que algúns veciños tiñan levado pero non pagado. O tendeiro confiaba neles porque sabía que no momento de ter os cartos o primeiro que ían facer era volver á tenda e pagar as súas débedas. Tiña confianza no veciño.

Pero vou máis lonxe. Vostedes lembrarán as hoxe desaparecidas feiras do gando. En Lira, na miña aldea, celebrábase cada día cinco e dezaioito do mes. Alí movíanse moitos cartos. Vendíanse bois, ovelas, porcos, etc. Pero entre comprador e vendedor, sobre todo no caso dos bois que eran os que maior prezo acadaban, non existían documentos de ningún tipo. Era a confianza entre os tratantes do gando a que servía como documento.

Fanjul dinos que a confianza é unha especie de pegamento que mantén en pé a sociedade. Confiamos nos nosos gobernantes, nos nosos médicos, nos nosos xornais que pensamos nos informan con honestidade. Así debiera ser, pero por des-



graza non o é. Os gobernantes fállannos; non fan o que nos prometeron; os médicos non sempre din a verdade da nosa situación anímica (din que para non alarmarnos); os medios de comunicación xa non digamos, infórmanos do que se lle permite informar dende as altas esferas do Poder. A revolución tecnolóxica fainos sentir en mans de forzas enormes que non comprendemos. Diso, precisamente, trataremos nos apartados seguintes.

Pasemos agora ao libro de Cristina Martín Jiménez. A pregunta que a autora se fai xa de entrada é “¿quen manexa os fíos do Poder?”. Este libro co título de PERDIDO ven insistindo no “secretismo” do famoso Club Bilderberg. Existe outro libro, que teño na miña biblioteca, que trata directamente da composición do famoso Club, pero agora vexamos o que nos aporta Cristina nesta súa versión. Introdúcenos cuns versos de León Felipe, poeta español (1884/1968) que lle ven como anel ao dedo: “Yo no sé muchas cosas, es verdad./ Digo tan solo lo que he visto./ Y he visto:/ que la cuna del hombre la mecen con cuentos, / que los gritos de angustia del hombre los ahogan / con

cuentos, /que el llanto del hombre lo taponan con cuentos....

Pero falemos do Imperio Bilderberg “El poderoso despacho del presidente ha sido utilizado para fomentar una conspiración para derribar la libertad de los estadounidenses y antes de que abandone la presidencia debo informar a los ciudadanos sobre su destino”. JOHN F. KENNEDY.

Considérase un ser libre, ou vislumbra que unha entidade descoñecida pensa e decide por vostede? É incapaz de explicar quen a integran e como actúa? Tal vez lle sexa útil saber que non é o único ao que lle atacan tales sensacións. A min tamén, antes de coñecer a existencia do Clube

cheo de significativas expresións nunha daquelas noites nas que o planeta Terra estaba asulagado nas xelidas noites da Guerra Fría. Dous días despois da excursión espacial, o exército norteamericano bombardea os aeroportos militares de San Antonio de los Baños e Cidade Libertade, ademais do aeroporto civil de Santiago de Cuba, co obxecto de destruír a Forza Aérea Rebelde. Foi, logo destes acontecementos cando Kennedy se presentou coa súa elegancia e serenidade para solicitar axuda a xornalistas e editores congregados para afrontar un perigo que en aparencia nada tiña que ver co sucedido.

O presidente vai desgranando ao longo do seu discurso un sentimento de acercamento cara a xornalistas e editores, indicándolles que esa noite é algo máis serio a razón pola que os ten alí reunidos. “Quero falarlles das nosas comúns responsabilidades fronte a un inimigo común. Calquera que sexa a nosa esperanza de futuro, para reducir esta ameaza ou vivir con ela, non temos escapatoria tanto da gravidade como da totalidade do desafío para a nosa supervivencia e seguridade”. Este desafío mortal impón sobre a nosa sociedade dous requisitos de directa preocupación, tanto para a prensa como para o presidente. Refírome en primeiro lugar, á necesidade dunha maior información pública e, en segundo lugar, á necesidade dun maior secreto oficial.

Kennedy deu a voz de alerta, antes de ser asasinado, do ataque contra as liberdades que se estaba fraguando polos que se fixeran co poder da Administración. O presidente entraría de cheo no que denominaba a xénese do auténtico perigo que desafiaba a nación. Por esta razón non só lles advertía senón que lles solicitaba axuda para informar plenamente aos cidadáns porque confiaba que esta información fixera reaccionar diante da “conspiración férrea e despiadada que se apoiaba principalmente en métodos secretos.” Secretos que non saen á luz, que atacan todos os aspectos da vida humana. Iso é o Imperio BILDERBERG: “Unha máquina eficiente que combina operacións militares, diplomáticas, de intelixencia, económicas, científicas e políticas”, nas que a desidencia é silenciada. Un poder ferreamente organizado ao que se enfrontou e que rematou co magnicidio de Dallas.

Un tema tabú.

En 1954 un grupo de persoas “respiraron” xuntas nunha reunión para armonizar e poñerse de acordo respecto a diversos puntos de máxima actualidade política e económica do momento. Pero a condición esencial era manter o segredo, tanto da existencia de tal xuntanza como do contido do que alí se tratara. Obviamente, o que

Continúa na páxina seguinte...

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

ALCOA: nin saben nin queren

Resultou ben rechamante a participación na demostración cidadá d'As Mariñas do sx "in pectore" do PSdeG, Valentín G. Formoso e máis do sx do PPdeG, Miguel Tellado, que son problema e non solución. Ano e medio de inacción, idas e voltas da ministra española e do vicepresidente galego evitando as solucións que ofreceron na primavera de 2020: a merca a baixo prxo ou expropiación por parte do grupo industrial público estatal, a SEPI (coa participación que cumprise do Goberno galego) da factoría de aluminio de ALCOA en San Cibrán, factoría estratéxica ao 100%, pois que precisamos producir aluminio primario na Galicia e mesmo na Europa, para fornecer as necesidades da nosa construción, automoción, produción de teléfonos móbiles e computadoras de mán, indus-

tria farmacéutica, cervexeira e alimentaria. O prezo do aluminio primario medrou desde comezou a pandemia un 54%. Alguén pode negar esta industria como estratéxica?

Se é estratéxica esta industria, a Xunta e o Goberno do Estado poderán intervir a factoría exercendo cadansúas competencias, consonte co Dereito europeo e mesmo podería funcionar ben de anos unha empresa pública, quer estatal, quer galega, quer mixta, que desenvolvese esta actividade empresarial estratéxica. O Estatuto de Galicia, a Constitución e o Dereito Europeo regulan esta opción como posíbel, como ben estudou e desenvolveu o profesor de Dereito Administrativo da UDC, Carlos Aymerich, na primavera de 2020. Mesmo abundaría cun Decreto-Lei estatal expropiatorio, tendo en conta a



urxencia da mesma. O xusto prezo sería moi baixo, de certo, ben lles consta aos xefes de ALCOA.

Mais ALCOA é evidente que non quere vender, porque non quere competencia nun mercado internacional que quere aínda máis restrinxido. E está a se aproveitar da falla de ideas e capacidades negociadoras destes dous Gobernos, español e galego, que amosan non ser quen a desenvolver,

non xa políticas industriais, senón mesmo accións illadas en defensa dun campión empresarial.



Cómpre, porén, lembrar o que hai 16-17 meses lembraba o xornalista galego José Luis Gómez: i) ALCOA adebeda máis de 40M€ polo incumprimento das subvencións recibidas, moito máis evidente logo de que foi definitiva a sentenza do TSXG que acordou a nulidade do ERE laboral de 2020, ii) xestiona en exclusiva un porto e unha estrada que serven á súa moi rendíbel e estratéxica produción de alumina e iii) ten unha moi grande responsabilidade na balsa de refugallo ambientais de máis de 87 ha. xerada pola súa actuación industrial.

Xa que logo, ferramentas para negociarmos con ALCOA abundan. Mais a Xunta e o Goberno do Estado nin saben, nin valen, nin queren.

...Ven da páxina anterior.

se trata nestas xuntanzas secretas non aparece nos libros de texto. Xa Kennedy nos falaba dunha sociedade que vivía inmersa no secretismo, o que resulta incompatible coa liberdade e coa democracia. A información é o cuarto poder, tan valiosa que se converte na clave do que pensamos, do que cremos ser, de como nos comportamos. Por iso é tan apreciada polos poderosos, porque a información manipula as mentes e detrás dela ven a manipulación do comportamento individual e colectivo.

A partires desta semblanza que me atrevín ofrecerlles do libro de Crisitina Martín Jiménez soamente me queda pedir-lles que non se queden na tona, que vaian ao fondo. Alí, no resto do libro, van atopar respostas sumamente interesantes de por que nos últimos tempos a diario nos damos de fuciños cos mesmos temas: Palestina ou Israel?, Aborto ou defensa da vida?, Sanidade privada ou pública?, EEUU ou Europa?, Globalización ou políticas locais?, Gobernos de esquerda ou de dereitas?, e así uns cantos temas máis. Pero quen decide os temas que publican os mass media? Contra as denuncias das "televisións basura" respóndenlos directivos que iso é o que as audiencias demandan. En absoluto. Son os directivos que reciben ordes dos amos dos conglomerados audiovisuais. Eles e non a audiencia son os que deciden que se ve en televisión. Por iso non debemos esperar un debate serio e profundo do que se coce no Clube BILDERBERG. "Unha sociedade non pode ser ignorante e libre ao mesmo tempo", dixo o presidente Thomas Jefferson. Para manter ao pobo escravo

do Imperio Bilderberg hai que idiotizalo con "tele-basura", evitar que pense e se desenvolva, pois a ignorancia da súa propia escravitude manterao permanentemente escravo do sistema.

Seguindo a orde establecida nun principio tócalles agora falar do libro de José María Lassalle: "CIBERLEVIATÁN". No prólogo do libro, escrito por Enrique Krauze, historiador, ensaísta, editor e intelectual mexicano adiántanos que como un Orwell do século XXI, coma un liberal que entendeu as novas dimensións do GRAN HERMANO nesta hora vertixinosa e atroz, José María Lassalle escribiu un libro profético, no antigo sentido da palabra: unha condena, unha advertencia, unha visión. Ciberleviatán, como o seu título indica, fala dunha nova e descoñecida ditadura que se vislumbra nun futuro próximo, UNMHA VARIANTE DO TOTALITARISMO QUE APENAS IMAXINARON OS GRANDES AUTORES DO SÉCULO XX. Pero que ese orde aterrador ten raíces no pasado.

Incapaz de xestionar a complexidade do saber no século XXI, a institucionalidade liberal foi arrollada por unha poderosa alianza entre os datos e os algoritmos, novos soberanos do planeta inmunes á regulación legal e democrática.

A realidade virtual colle forza; os corpos e a sensibilidade retíranse; tamén a política. A idea ilustrada que sustentaba a democracia, un cidadán maior de idade capaz de tomar decisións por si mesmo, é substituída por un novo paradigma de liberdade asistida.

Unha ditadura dixital proxéctase no horizonte; un CIBERLEVIATÁN que chegou

para instaurar un tecno-poder de grandes corporacións. EEUU e China xa libran unha terceira guerra mundial arredor da intelixencia artificial, da robótica e do resto das tecnoloxías exponenciais.

A única alternativa ao CIBERLEVIATÁN é unha sublevación que promulgue un pacto entre a técnica e os humanos. Un acordo que subordine a tecnoloxía a un novo humanismo baseado en dereitos dixitais e propiedade sobre os datos nunha república dixital global capaz de controlar a vontade de poder da técnica. E só Europa, en complicidade con outros actores capaces de pensar a tecnoloxía dende a humanidade, poderá liderar este cambio.

Obviamente, terán que ler o libro para informarse cabalmente das interesantes cousas das que se nos informa.

E para rematar adentrémonos polo menos superficialmente na miña última oferta: LA ERA DEL CAPITALISMO DE VIGILANCIA", de Shoshana Zuboff, catedrática emérita da Harvard Business School.

Nesta obra maxistral, de 900 páxinas contando as notas bibliográficas, que son moitas e moi interesantes, pola orixinalidade das ideas e das investigacións aquí expostas revélanos o alarmante fenómeno que ela denominou "Capitalismo de la vigilancia". Está en xogo toda unha arquitectura global de modificación da conducta que ameaza con transfigurar a natureza humana no século XXI do mesmo xeito que o capitalismo industrial desfigurou o mundo natural no século XX.

Grazas aos análises de Zuboff, cobran vida de forma gráfica as consecuencias do avance do capitalismo da vixilancia dende

o seu foco de orixe en Silicon Valley cara a todos os sectores da economía. Hoxe acumúlase un enorme volume de riqueza e poder nos chamados "mercados de futuros conductuais", nos que se mercan e se venden predicións sobre o noso comportamento, e ata a produción de bens e servizos se supedita a un novo "medio de modificación da conducta".

A ameaza que temos enriba xa non é a do Estado "Gran Hermano" totalitario, senón a dunha arquitectura dixital omnipresente: un "GRAN OTRO" que opera en función dos intereses do capital de vixilancia. Neste libro pónense ao descuberto as ameazas ás que se enfronta a sociedade do século XXI: unha "colmea" controlada e totalmente interconectada que nos namora coa promesa de lograr certezas absolutas a cambio do máximo lucro posible para os seus promotores, e todo a costa da democracia, da liberdade e do noso futuro coma seres humanos.

Ata aquí os meus consellos de hoxe. Como imos entrar en tempos de Nadal espero que sintan a curiosidade de informarse de todo o contido destes tres últimos libros que lles aconsello, así como de ler enteiro o artigo publicado en El País o pasado 28 de novembro de 2021, claro está.

Sexan felices; emborráchense de lecturas que lle van servir para estar máis e mellor alimentados intelectualmente. Deste xeito darémolles máis traballo a todos eses "gurús" da política e da economía que so pensan nos seus petos.

Felicidades polo Nadal e Ventureiro Aninovo.

Redacción

A Coruña, primeiro destino de Galicia en aliñar o seu turismo coa Axenda 2030

O Concello da Coruña convértese no primeiro destino turístico galego en acollerse aos principios recollidos na Axenda 2030. Este venres, a alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e o secretario xeral do Instituto de Turismo Responsable (ITR), Patricio Azcárate Díaz de Losada, asinaron a 'Carta de Compromiso co Turismo Sustentable', co obxectivo de promover un novo modelo de desenvolvemento turístico que contribúa de forma efectiva ao mantemento e protección dos bens patrimoniais, culturais e naturais do destino e ao sostemento da actividade económica da empresas do tecido produtivo local.

No evento, a alcaldesa Inés Rey presentou este compromiso como "o inicio dun proceso polo que lograr que A Coruña sexa recoñecida como o primeiro destino en Galicia en obter un re-



coñecemento internacional de certificación que reflicta os seus esforzos por cumprir cos 17 ODS de Nacións Unidas para construír un destino de calidade, para locais e turistas, garantindo o equilibrio entre o económico, sociocultural e ambiental para dar lugar a un novo modelo de desenvolvemento turístico máis sustentable".

Coa sinatura deste documento, A Coruña inicia un proceso co

que facer efectivo un turismo responsable no destino. De todas as accións levas a cabo ao longo deste proceso, obterá como resultado e recoñecemento a certificación Biosphere Destination; un obxectivo para conseguir ao longo de 2022, constituíndo un distintivo co que garantir o seu compromiso firme por contribuír ao cumprimento dos 17 ODS de Nacións Unidas, no Marco da Axenda 2030.

C. Tangana e Fito & Fitipaldis nos concertos 2022 da Coruña

A Coruña volve a reforzar a súa presenza no circuío nacional de grandes concertos coas actuacións de C. Tangana e Fito & Fitipaldis, previstas para febreiro e marzo do 2022. O Coliseum será o recinto no que actuarán dous dos artistas máis consagrados nos seus

respectivos estilos musicais a nivel nacional e internacional, o que suporá o regreso do público de pé a este recinto.

C. Tangana anunciou a súa xira 'Sin cantar ni afinar', coa que percorrerá diferentes países e que só conta con seis datas a nivel nacional, unha delas na

Coruña. Por outra banda, Fito & Fitipaldis regresa no 2022 á cidade para presentar o seu último traballo 'Cada vez Cadáver'.

Este 2021 rematará con outras dúas grandes actuacións no Coliseum da Coruña. Trátase das de Van Morrison o 3 de decembro e a de Il Divo o 22 de decembro.

50 aniversario de Salvamento Marítimo da Cruz Vermella

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, participou no acto oficial polo 50 aniversario da base de Salvamento Marítimo da Cruz Vermella na Coruña. A creación desta base na cidade foi un fito histórico, pois tratouse da primeira instalación do mar da institución en España.

A alcaldesa reiterou o apoio do Concello e da cidade á institución e sinalou a "eficiencia e humanidade en todas as tarefas que desenvolve" a Cruz Vermella nesta base, que se ocupa da vixilancia e salvagarda da xente mariñeira. A base de Salvamento Marítimo da Cruz Vermella naceu en 1971 a raíz do naufragio do

pesqueiro 'La isla' un ano antes preto da Torre de Hércules, no que perderon a vida 14 dos 15 tripulantes. Ademais do seu labor salvando vidas no mar, esta base cumpre con outros cometidos como son a inclusión social, o emprego, a saúde, a educación e a atención de familias de vítimas de sinistros marítimos.

Programa Aliad@s da Fundación María José Jove

A alcaldesa Inés Rey visitou a Fundación María José Jove para coñecer de primeira man o funcionamento do programa Aliad@s co que colabora o Concello da Coruña a través da Fundación Emalcsa.

Aliad@s é un programa de intervención socio-formativa para a mocidade entre 16 e 21 anos

que, por diferentes circunstancias, non participa de accións formativas regradas, sociais nin laborais, o que a coloca nunha situación de risco social. En total, xa foron atendidas 58 persoas desde que esta iniciativa botou a andar. Ademais dos contidos de Aliad@s, o programa inclúe unha estancia práctica nunha empresa colaboradora.

En marcha A Casa dos Xoguetes de Nadal

O Concello da Coruña, a través da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC), pon un ano máis en marcha a campaña da Casa dos Xoguetes, unha iniciativa pensada para fomentar o consumo consciente e responsable e para darlle unha nova vida a aqueles obxectos en bo estado que non teñen uso.

Ata o vindeiro 5 de xaneiro os interesados poderán entregar xoguetes en bo estado de conservación no local situado no número 9 da praza Mestre Mateo. Os xoguetes que se recollan terán que cumprir coas normativas europeas e destinaranse a nenas e nenos de ata 14 anos. Aceptarase un máximo de 10 xoguetes entregado por usuario.

XII Obradoiro e Concurso de Robótica na Coruña

O Centro Sociocultural Ágora acolleu a entrega de premios do XII Obradoiro e Concurso Galego de Robótica: A Maxia da Robótica, cita que se celebrou entre os días 15 e 19 de novembro coa participación de 23 centros educativos de toda Galicia e, concretamente, catro situados na

cidade da Coruña: o IES Menéndez Pidal; IES Agra do Orzán; IES Salvador de Madariaga; CPR Franciscanos e Fundación Educativa Santo Domingo. Por parte do Goberno municipal estivo presente o concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego, Jesús Celemín.

A Coruña, pioneira en Europa dentro do programa Connecting Nature

O Concello da Coruña será o pioneiro en Europa co establecemento do primeiro 'hub' do programa UrbanByNature do continente, integrado no plan Connecting Nature que financia o Programa Marco Horizonte 2020 da UE e que conta coa colaboración entre o Concello e a Universidade da Coruña.

O proxecto baséase nun intercambio de coñecementos e creación de capacidades que lles permitirá aos gobernos locais o aproveitamento do potencial da natureza para o desenvolvemento urbano sostible. O programa UrbanByNature foi lanzado con anterioridade en Brasil, Cáucaso, Corea e China.

Inés Rey: "O Consello de Participación Infantil permitirá dar voz as propostas do alumnado para mellorar a cidade"

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, amosou o seu apoio ao Festival Intercentros na gala celebrada no Teatro Colón. Este espectáculo reuniu a 350 nenas e nenos dos centros educativos da cidade e supuxo o retorno á actividade do evento tras a pandemia.

O Festival Intercentros celebrouse este sábado en dúas sesións, unha de mañá e outra de tarde, e con menos participantes do habitual para respectar as recomendacións sanitarias. O Concello da Coruña colabora activamente coa realización deste evento contribuíndo á organización da gala. A recadación íntegra destinouse este ano as asociacións Aspace e Cáritas. Esta última tivo durante toda a xornada un posto de recollida de alimentos no propio Teatro Colón.

Inés Rey quixo agradecer aos responsables do Festival Intercentros a organización deste evento tan vencellado á cidade, e que



permite dar voz aos nenos e nenas da cidade. Neste senso destacou o compromiso do seu goberno co alumnado ao decidir poñer en marcha un Consello de Participación Infantil e Xuvenil "para que os máis pequenos poidan aportar a súa visión e ideas para contribuír a mellorar o futuro da cidade".

Nesta edición participaron nenas e nenos de 18 institucións educativas da cidade e outras cinco organizacións sociais e públicas. Ademais, as alumnas e alumnos que non puideron asistir

gravaron as súas actuacións e os vídeos foron proxectados no Teatro Colón. Como é habitual, o evento tivo tres formatos de actuación: directo, canción e coreografía.

Como novidade, o Festival Intercentros púidose seguir a través de Internet en directo. Inés Rey destacou o traballo de entidades como Aspace e Cáritas ás que se destinado o recaudado no evento e sinalou que espera que esta gala recupere o próximo ano a súa localización habitual, o Coliseum da Coruña.

Concello e Marea Atlántica acordan crear empresa pública enerxética

Alcaldesa Inés Rey e a voceira municipal da Marea Atlántica, María García, deron a coñecer o acordo para avanzar na creación dun operador enerxético municipal, unha empresa pública de enerxía, que aposte pola sostibilidade e a loita contra o cambio climático e a pobreza enerxética. A Xunta de Goberno Local extraordinaria aprobou a posta en marcha xa de medidas concretas en materia de política enerxética.

García considerou que "segundo os datos da Enquisa de Condicións de Vida do INE, un 11% dos fogares do Estado padecen pobreza enerxética. Falamos de máis de dous millóns de unidades familiares que non son capaces de manter as súas casas quentes no inverno, mentres Endesa, a prin-



cipal comercializadora de enerxía, triplicou os seus beneficios nun ano".

O goberno municipal e a Marea acordaron tamén a elaboración dun Mapa das Enerxías Renovables que analice as potencialidades de xeración de enerxía renovable no Concello da Coruña e a apertura

dunha Oficina da Enerxía que preste asesoramento en cuestión de tarifas, aforro, eficiencia e protección de persoas en situación de vulnerabilidade. EMALCSA será a encargada da execución das prestacións necesarias para a efectividade destas iniciativas no prazo dun mes.

A Deputación da Coruña investirá 4,9 millóns de euros nas estradas provinciais

O deputado de Vías e Obras da Deputación da Coruña, José Manuel Pequeño, anunciou que o pleno deu luz verde a investimentos por importe de 4,9 millóns de euros para levar a cabo actuacións de mellora na segu-

ridade viaria en 34 quilómetros da rede provincial estradas de estradas nos municipios de Curtis, Cariño, Culleredo, Cambre, Valdoviño, O Pino, Melide, Tor-doia, Trazo, Cerceda, Ordes, Abegondo, Carral, Arteixo e A Laracha.

O Goberno amplía o período de validez dos Bonos PRESCO ata o 31 de decembro

Os Bonos PRESCO para fomentar a realización de compras na cidade supuxeron un gasto de 2,6 millóns de euros ata o pasado 25 de novembro. Debido ao éxito, o goberno do concello de A Coruña decidiu ampliar o prazo para as compras ata fin de ano. O número de establecementos participantes na cidade supera

os 700 e máis de 30 xa chegaron ao tope dos 5.000 euros en descontos establecido por establecemento.

O comercio foi o sector que mellor se comportou, a falta de 40.000 euros para esgotar os fondos previstos (400.000 euros), seguido do sector da estética, que consumiu o 75% dos fondos, e o da cultura, que está no 60%.

Premios Prisma sobre difusión da cultura científica

O Concello da Coruña acolleu a entrega dos Premios Prisma de Bronce que poñen o broche de ouro á celebración da Semana da Ciencia. Os premios Prisma Casa das Ciencias son un recoñecemento ao labor das persoas que dende o xornalismo, a divulgación e a comunicación contribúen a promover a cultura científica, axudando a que a cidadanía teña

acceso aos fundamentos e implicacións dos avances científicos e tecnolóxicos.

Os traballos gañadores desta convocatoria abordan temas científicos de plena actualidade, como o cambio climático ou a investigación sobre a COVID-19, pero tamén cómpre destacar a variedade e innovación nos formatos que reflicten a constante evolución destas profesións.

Máis de un millón de euros en melloras no parque de Bombeiros

O pleno aprobou por unanimidade a Ordeanza de Contribucións Especiais que permitirá realizar investimentos por valor de 1.171.167 euros nas instalacións do Parque de Bombeiros.

O Concello construíra unha nova nave para descontaminación

e limpeza, fará reformas nas instalacións, substituíra o portal de acceso ao recinto para facilitar a entrada e saída de vehículos de emerxencias, adquirirá equipos de protección individual e material de rescate e adquirirá un vehículo polivalente de rescate cun valor de 700.000 euros.

“A Cidade das TIC atraerá proxectos e talento á Coruña”

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, asinou o convenio de colaboración da Cidade das TIC na antiga Fábrica de Armas. Un convenio que permitirá constituír o futuro órgano de goberno do parque tecnolóxico e a elaboración dun Plan Director da Cidade das TIC que permita á Coruña a posibilidade de ser “líder en intelixencia artificial, robótica ou big data”.

No acto de sinatura estiveron presentes Julio Abalde, reitor da UDC; José Miñones, delegado do Goberno en Galicia; Francisco Conde, conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta; Valentín González Formoso, pre-



sidente da Deputación da Coruña; Antonio Rodríguez de Corral, presidente do Clúster TIC de Galicia; e Susana Ladra, directora do Campus Innova da UDC.

O Concello da Coruña achegou para a creación de dita estrutura 75.000 euros dos 180.000 euros totais, sendo a administración coa participación máis alta.

PRESCO Cultural para impulsar aos artistas coruñeses

O Concello da Coruña reforzará a súa programación cultural durante o Nadal con 66 actuacións extraordinarias que se repartirán por toda cidade a partir do 10 de decembro, eventos organizados na súa maior parte con artistas locais.

O pleno municipal aprobou o modificativo que permitirá levar a cabo dito programa, dotado cun investimento de 257.631 euros. O incremento da achega cultural forma parte do acordo unánime que activou o segundo



PRESCO, dotado con 6 millóns de euros. O Concello da Coruña leva investidos 20 millóns de euros en plans de recuperación.


Ademais, o Goberno municipal aprobou tamén a nova Ordenanza

de Conservación, un texto consensuado coa Marea Atlántica e que contribuirá a poder afrontar con maior axilidade as accións precisas para actuar en casos de ruínas e de deterioro de inmobles.

160.000 microtopónimos recollidos na primeira década do século

A aplicación Galicia Nomeada incorporou este outono 160.000 microtopónimos recollidos entre os anos 2000 e 2011 a través do Proxecto Toponimia de Galicia. A plataforma impulsada pola Real Academia Galega e a Xunta de Galicia para recuperar e divulgar os nomes da terra, posta en marcha a finais do ano 2019, xa incorporara o 60% dos algo máis de 400.000 microtopónimos. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia completou o proceso, subindo á mesma aplicación os 160.000 nomes restantes de montes, devesas, leiras, penedos, praias, fontes ou regatos, dispoñibles agora na Rede para toda a cidadanía.

O traballo de xeorreferenciación desta microtoponimia foi realizado nos últimos anos polo Instituto de Estudos do Territorio



(IET), organismo cartográfico da Xunta de Galicia dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, con cargo ao proxecto europeo GEOARPAD “Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”.

Con esta importante contribución, o proxecto toponímico da Real Academia Galega e do Goberno galego xa suma máis de 500.000 topónimos xeorreferenciados para consulta e descarga libre.

RAG e Fundación Barrié abren o concurso Palabra do Ano 2021

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié animan un ano máis a cidadanía a participar na elección colectiva da Palabra do Ano. Ambas as institucións abriron a primeira fase do proceso, centrada na recollida de propostas, a través do Portal das Palabras, o proxecto que impulsan para a difusión do léxico galego.

O Portal das Palabras é un proxecto da RAG e a Fundación

Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da nosa lingua. Cada semana ofrece xogos, vídeos nos que os membros da Academia resolven dúbidas frecuentes e outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá e a actualidade dun xeito ameno. A palabra do día é outra das seccións deste espazo aberto ao diálogo coas persoas usuarias.

MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

ADEGAS E VIÑEDOS FINCA CUARTA

Detrás dun produto sempre
hai unha longa historia.

674 12 60 26
619 76 04 45

Comercial@priordepanton.com

O PSdG pide á Xunta impulsar políticas para abolir a prostitución

Mediante unha proposición non de lei ante o Parlamento galego, a voceira de Igualdade do Grupo Socialista, Noa Díaz, chamou á Xunta a impulsar un protocolo de actuación, no marco das competencias autonómicas, para orientar as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade ou igualdade cara á abolición da prostitución.

Instou tamén á Xunta a dirixirse ao goberno de España para buscar un “maior consenso político e social” para renovar o Pacto de Estado contra a violencia de Xénero. Toda vez, Díaz instou ao Observatorio Galego de Vio-



As deputadas do PSdG nas oficinas do Grupo Socialista no Parlamento.

lencia de Xénero a que realice un “informe urgente” para avaliar a situación actual de Galicia sobre a violencia machista.

Amosou así a súa “preocupación” polo incremento do 18%

nos casos de violencia machista en Galicia, segundo datos do TSXG, no que ata o momento 37 mulleres foron asasinadas e 5 menores foron vítimas da violencia machista.

O BNG denuncia a saturación dos centros de saúde en Teo

O BNG denuncia que os centros de saúde de Teo están saturados e os seus profesionais desbordados con cupos de doentes inabarcábeis, chegando nalgún caso a ter até a 80 doentes por día para atender.

O Portavoz Municipal, Manuel Barreiro, sinalou que “anos de recortes do PP teñen o noso sistema de saúde unha situación moi preocupante e, por riba, o goberno de Feijóo aproveitou a pandemia para rematar de dismantelar os servizos públicos. Esta semana dirixíronse a nós

varios profesionais da sanidade que traballan en Teo para transmitirnos que están ao límite con cupos sobredimensionados que son imposíbeis de atender e isto provoca unha diminución evidente nos dereitos das persoas doentes, tamén veciños e veciñas que protestan polos dilatados prazos das citas previas, xa que logo, cando chega a cita xa curaches o arrefriado”. Así mesmo Barreiro considerou que “calquera proxecto de novo centro de saúde para Teo debe incrementar os medios materiais e humanos, ampliar os servizos e mellorar

as infraestruturas e, por suposto, vir ligado a un Centro de Día que levamos reclamando máis de dez anos xa”.

Máis unha vez expresamos a nosa solidariedade co persoal dos centros de saúde de Teo. Lembramos as denuncias feitas polo Bloque por mor da falta de médicos, porque non se cubren as ausencias das prazas por permisos ou vacacións e pola sobrecarga dos cupos dos facultativos, chegamos mesmo a que as embarazadas tiveran as aulas preparatorias na entrada do centro de Saúde de Calo.

ASOCIM urxe melloras laborais para atender a violencia de xénero

Co motivo da conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Asociación de Profesionais dos Centros de Información á Muller (ASOCIM) denunciou o incumprimento do Real Decreto-lei 12/2020 do 31 de marzo, que regula as súas actividades laborais á hora de atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e traballar na prevención e sensibilización sobre esta

problemática social.

Esixiu tamén compromiso á hora de xestionar os fondos destinados á loita contra a violencia de xénero. ASOCIM pediu igualmente que se unifiquen os criterios na clasificación das traballadoras dentro da área de Igualdade nos cadros de persoal dos concellos atendendo a normativa vixente. Só un 27% dos CIM se reflictan correctamente, mentres que o 73% restante encádrase noutras áreas.

PSdeG critica á Xunta e sae en defensa da sanidade pública

O voceiro parlamentario do PSdeG, Gonzalo Caballero, rexeitou o “ataque irresponsable e inadmisíbel” do conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia ás defensoras e aos defensores da sanidade pública tras dicir que “deslexitimán” o sistema, a raíz de ser preguntado pola mobilización en defensa do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Ao fio disto, Caballero lembrou a “referencia” que supuxo para todos os galegos e galegas o paridoiro de Verín, xa que “sen a mobilización cidadá, o paridoiro desaparecería”. Criticou tamén que estas declaracións chegan xusto “na mesma data” en que Feijóo admitiu o “risco de colapso” da sanidade pública galega “como consecuencia de 12 anos de recortes do PP”.

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdоеixoatlantico.com



Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Valentín González Formoso | Novo secretario xeral do PSdeG/PSOE

“No PSdeG temos ideas, talento e ganas para construír unha alternativa política que aspire a ser maioritaria en Galicia”

Valentín González Formoso (As Pontes, 1971) foi elixido o pasado 30 de outubro como novo secretario xeral do PSdeG/PSOE. É tamén alcalde do Concello de As Pontes de García Rodríguez desde 2007 e presidente da Deputación da Coruña desde 2019.

Acaba de ser elixido como novo secretario xeral do PSdeG, qué prioridades impulsará para esta nova etapa?

Temos como prioridade e como reto principal volver a conectar coa sociedade galega, facer do PSdeG un instrumento útil ao servizo da sociedade no que unha ampla maioría das galegas e dos galegos poda sentirse representada.

Faremos unha labor propositiva, en contacto permanente coa rúa e cos diferentes sectores do país, porque entendo que a política non debe limitarse a sinalar os problemas, a buscar culpables ou a botar balóns fóra; senón que temos a obriga de escoitar á sociedade e propor solucións, de ofrecer alternativas solventes e realistas ás cousas que non funcionan ou non se están a facer ben. Imos demostrar con propostas que é posible outra forma de gobernar en Galicia, que o PSdeG ten criterio nos asuntos de país, que temos ideas, talento e ganas para construír unha alternativa política sólida que aspire a ser maioritaria en Galicia.

Xa o facemos no mundo municipal, onde gobernamos as principais cidades e tres das catro deputacións de Galicia, demostrando cada día cos feitos que é posible outra forma de gobernar, máis cercana ás necesidades e demandas da cidadanía. Tamén no Goberno de España, onde o Partido Socialista foi sempre o impulsor da transformación e modernización do país. Da man de gobernos socialistas viñeron sem-

pre os grandes avances sociais, os dereitos e liberdades, o escudo social sen precedentes que protexeu ás familias e aos traballadores e traballadoras durante a pandemia.

O vindeiro 7 e 8 de decembro será o Congreso do PSdeG. Teremos a Valentín González Formoso como candidato para a presidencia da Xunta de Galicia en 2024?

Eu estou a disposición do partido. O meu compromiso é absoluto, tamén para ser candidato á presidencia da Xunta de Galicia, se así o deciden as compañeiras e compañeiros, porque esa decisión corresponde á militancia.

Serán as militantes e os militantes do PSdeG-PSOE as que tomen esa decisión cando corresponda mediante a elección a

través dun novo proceso de primarias. Un exercicio de democracia interna que quero poñer en valor ante a sociedade, porque só se fai no Partido Socialista e outorga un importante poder de decisión á bases.

Coa súa vitoria, podemos agardar un maior peso do PSOE coruñés dentro da nova dirección xeral?

Non. Este é un proxecto para Galicia, no que van estar representadas todas as provincias, todos os territorios, como non podía ser doutro xeito. Como xa dixen en reiteradas ocasións, non vou contribuír a oficializar unha división artificial entre norte e sur que, desde o meu punto de vista, non existe en absoluto na sociedade galega.

Horizonte 2024. Qué fai falla



Valentín González Formoso aspira reconectar ao PSdeG coa sociedade galega.

para derrotar a Feijóo nas eleccións á Xunta?

Traballo, traballo e traballo. Como lle dicía ao principio, aspiramos a liderar a unha alternativa ao PP que conte cun amplo respaldo social en Galicia, pero non cunha oposición destructiva ou que se limite a criticar o que se está a facer mal e a repartir culpas, senón poñendo sobre a mesa propostas, alternativas serias que demostren que é posible outra forma de gobernar en Galicia.

A xente desconecta das liortas políticas estériles, que non levan a ningures. O que quere é que sexamos capaces de dar solucións aos problemas que afectan na súa vida cotiá e iso é o que trataremos de ofrecer á sociedade galega.

Para iso é necesario tamén activar todo o talento e o coñecemento que temos dentro do partido, que é moito. A militancia do PSdeG é a que lle pon cara ao proxecto socialista en cada vila e en cada cidade, queremos contar con eles para desenvolver ao máximo todo o noso potencial.

Comprometo que manteremos un contacto permanente con todos os sectores sociais e económicos. Imos estar nos portos e nas granxas, nas cidades e no rural, nos problemas das grandes industrias e dos pequenos autónomos. Imos a estar na rúa, a carón da xente para escoitar as súas demandas e despois poder transformalas en realidade. A iso me refiro cando falo dun partido ao servizo da sociedade. Ese é o espírito fundacional do PSOE, un partido con 142 anos de historia que foi creado para facer unha sociedade mellor, para impulsar a igualdade de oportunidades e a xustiza social.



González Formoso tras ser elixido como novo secretario xeral do PSdeG o pasado 30 de outubro.

Aldea Global

Volven as restricións á Raia

Incertezas ante a "sexta onda" con nova variante COVID

Por Roberto Mansilla Blanco

Este 1º de decembro entraron en vigor as restritivas normas sanitarias na fronteira emitidas dende Lisboa ante "sexta onda" de índices de contactos provocados pola aparición da nova variante Ómicron da COVID-19. Esta decisión goberamental portuguesa provocou situacións de confusión e incertezas dentro da cidadanía na fronteira conxunta, popularmente coñecida como "a Raia".

Entre as novas medidas aprobadas polo goberno portugués destaca a existencia dunha proba negativa de COVID (PCR ou antixenos) realizada como máximo 48 horas antes para as persoas que pasen pola vía terrestre da Raia pero tamén para as que cheguen en avión ou barco, independentemente se teñen a dobre vacinación anti-COVID. Caso contrario de non realizar estas probas, as persoas arríscanse a multas de ata 800 euros. Tamén avisaron da realización de controis aleatorios por parte das forzas

de seguridade portuguesas.

Ante estas restricións, volve a preocupación para o comercio e a hostalería coas festas de Nadal á volta da esquina. Un caso significativo foi a tradicional feira que se realiza en Valença de Minho precisamente cada mércores, coincidindo desta vez coa aplicación das novas medidas sanitarias portuguesas. Os comerciantes desta feira sinalaron que "os galegos deixaron de vir por medo", dando tamén a entender tamén esa situación de confusión sobre como se aplicarán estas medidas e se as mesmas retrotraen aos tempos do "estado de alarma" de marzo de 2020.

Tamén causa preocupación a situación dos 10.000 traballadores transfronteirizos galegos e portugueses que diariamente cruzan á Raia nun radio territorial de máis de 30 quilómetros. Neste sentido, a AECT Río Miño/Río Minho, entidade de cooperación transfronteiriza, amosou a súa "preocupación, confusión e cons-

ternación" por estas medidas están a xerar nos habitantes do Norte de Portugal e de Galicia, xa que "contribúen a desestabilizar e comprimir a dinámica social e funcional" nestes territorios da fronteira.

A AECT reclamou así ao goberno portugués unha aclaratoria da nova normativa sanitaria toda vez no decreto aprobado polo Consello de Ministros e publicado no Diario da República de Portugal, indica que a norma se aplicará "na fronteira terrestre coas necesarias adaptacións". A AECT pediu unha "excepcionalidade" para os traballadores transfronteirizos, pregando igualmente a Lisboa que se sensibilice polo impacto socioeconómico e cultural destas medidas.

En Lisboa, a directora xeral de Saúde, Graças Freitas, declarou que os casos de infección de COVID en Portugal "poden duplicarse ata o Nadal" incluso achegándose a "8.000 casos diarios". Outro dato que incrementa a preocupación na Raia.

Galicia no II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía en Braga



Autoridades locais de Galicia e de cinco países de lingua oficial portuguesa intercambiaron boas prácticas arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, que se celebrou en Braga baixo o epígrafe a 'A localización dos ODS tras a Covid-19: unha mirada desde o xénero' os días 25 e 26 de novembro.

Participantes de Mozambique, Guinea-Bissau, Cabo Verde, Príncipe e Portugal compartiron desafíos e estratexias neste en-

contro organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, co apoio da Xunta de Galicia e a colaboración da Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA). O evento culminou coa creación da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 99 concellos e as Deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento.

Barbados pasa oficialmente de Monarquía a República

Substituíu á Raíña Isabel II como xefa de Estado

Barbados substituíu este 30 de novembro á Raíña Isabel II como a súa xefa de Estado coa toma de posesión como primeira presidenta do país da xurista Sandra Mason, cambiando a súa estatus de monarquía constitucional a república.

O paso ao status republicano coincidiu co 55 aniversario da independencia da illa caribeña, que foi unha colonia británica ata 1966 e que ata este 30 de novembro continuou vinculada á Coroa británica.

Tras un saúdo de 21 disparos, Mason xurou o cargo na capital

barbadense de Bridgetown e asegurou que con esta transición os barbadenses, preto de 280.000 habitantes, poderán "aproveitar ao máximo" a esencia da súa soberanía.

Mason, a primeira muller en servir na Corte de Apelacións de Barbados e ata o de agora gobernadora xeral da illa, foi elixida presidenta o pasado 20 de outubro. "Durante décadas tivemos discursos e debates sobre a transición de Barbados a unha república. Hoxe o debate e o discurso convertéronse en acción", subliñou a nova presidenta nun discurso.

Na súa alocución na Praza dos Heroes Nacionais de Bridgetown, afirmou que a illa pon agora o seu "compás nunha nova direc-

ción" baseándose en "os éxitos, triunfo e logros" dos últimos 55 anos como país independente.

Mason, a quen se lle outorgou a Orde da Liberdade de Barbados, tamén se comprometeu a "seguir adiante con confianza e audacia polo ben da nación e de as xeracións presentes e futuras".

Unha cerimonia co príncipe Carlos, Rihanna...

Á cerimonia de gala, de case tres horas de duración, asistiron o príncipe Carlos, herdeiro ao trono británico, e líderes dalgúns países da Comunidade do Caribe (CARICOM), así como o destacado ex xogador de críquet Garry Sobers e a famosa cantante Rihanna, ámbolos dous orixinarios de Barbados.



A primeira presidenta de Barbados, Sandra Mason, durante a cerimonia de cambio de status da illa caribeña de monarquía a república.

O príncipe Carlos dixo no acto que a creación desta república marca "un fito no longo camiño" que os barbadenses "non só percorreron senón que construíron". Lembrando "as espantosas atrocidades da escravitude" durante a época colonial, destacou que a poboación da illa "forxou o seu

camiño con extraordinaria forza, emancipación, autogoberno e independencia".

Barbados convértese así no cuarto país da Comunidade do Caribe en substituír á Raíña Isabel II por un presidente, seguindo o ronsel de Guíana, Trinidad e Tobago e Dominica.

O AVE chegou a Ourense en viaxe de proba

O tren de alta velocidade de Madrid a Galicia fixo a súa viaxe de proba o luns día 22 de novembro. Chegou pouco antes da hora prevista. Raquel Sánchez, ministra de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana viaxou no AVE e acompañáronlle Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta, e Alfonso Fernández Mañueco, presidente de Castela e León. A galega Isabel Pardo de Vera, secretaria de Estado de Transportes, e Isaías Táboas, presidente de Renfe, tamén fixeron a viaxe. O AVE saíu desde a estación de Chamartín (Madrid), ata Ourense, ás 8.45 e logo pasou por Zamora e a estación de Sanabria, onde se subiu Núñez Feijóo.

“Arrincamos a viaxe en probas da nova liña de AVE Madrid-Galicia, a próxima gran liña que poñeremos en servizo en España. Traballamos para achegar aos cidadáns e as cidadás de todo o país e conectar aos territorios”, afirmou a ministra de Transportes á súa chegada á Estación Ourense- Empalme logo dun percorrido a 300 quilómetros á hora. A viaxe para o gran público mantense para o día 21 de decembro. Renfe xa puxo á venda 250.000 billetes a 15 euros cada un como oferta durante quince días. Haberá dez viaxes diarios en cada sentido, dos con trens AVE y os outras con Alvia.

Palabras de Feijóo

Alberto Núñez Feijóo, celebrou que Galicia estea a piques de cumprir un fito histórico coa chegada do AVE a Ourense o vindeiro



Intervención de Alberto Nuñez Feijóo.

21 de decembro. “Temos algunhas etapas do camiño aínda pendentes, pero estamos a punto de culminar unha meta histórica: a chegada do AVE a Ourense, a porta de entrada da alta velocidade a Galicia”, dixo, reiterando a necesidade de que o mapa da alta velocidade se vaia completando, chegando ao resto das cidades galegas co fin de cumprir o calendario de tempos comprometidos.

Tras o percorrido de probas do novo tramo de alta velocidade ferroviaria Pedralba de la Pradería-Ourense, Feijóo constatou que todo está apunto para que, de xeito inminente, se poida poñer en servizo o último tramo das obras da liña entre Galicia e Madrid, recordando que o AVE é para a Comunidade obxectivo prioritario desde hai varias décadas.

O titular da Xunta subliñou

que o fin agora é conseguir que todos os galegos teñan acceso a esta conexión de alta velocidade coa capital de España. E, nesta liña, salientou que en canto se dispoña da información precisa sobre os horarios con que van a operar os servizos de Renfe, a Administración autonómica traballará para acadar a máxima coordinación posible coas frecuencias dos autobuses.

Con este mesmo obxectivo, Feijóo lembrou que o Goberno galego está a achegar as estacións de autobuses das principais cidades ás estacións ferroviarias, contribuíndo a facilitar un intercambio co tren áxil, fácil e seguro.

“A estación de Ourense, primeira intermodal en servizo na nosa Comunidade é un exemplo do traballo feito. Tamén en Santiago cumprimos os compromisos

para desenvolver un gran centro de transporte público; nos próximos meses finalizaremos os traballos nas novas estacións intermodais de Vigo e Pontevedra; e esperamos poder pechar pronto os acordos para dotar de equipamentos similares as cidades da Coruña e de Lugo, así como poder avanzar nun proxecto que mellore as infraestruturas do transporte en Ferrol”, precisou.

Referiuse ao traballo que debe realizar o Goberno de España na parte que lle corresponde, ás estacións de tren. Neste sentido, agarda que en próximas datas se comece a ver o inicio da transformación das terminais ferroviarias para adecuálas tamén á chegada do AVE.

Coa posta en servizo antes de que finalice o ano, Feijóo confirmou que a viaxe entre Ourense e

Madrid verase reducida en máis dunha hora, alcanzando a meta de conectar ambas cidades en dúas horas e 15 minutos. Unha redución da que se beneficiarán as cidades de Santiago, Vigo, A Coruña e Pontevedra, cuxo tempo de conexión con Madrid tamén se acortará de forma significativa; “se ben terán que esperar aínda para ver chegar os trens AVE as súas estacións e para alcanzar os tempos de viaxe comprometidos”, matizou, recordando que debido ás peculiaridades da rede interior da Comunidade, para pasar de Ourense ao resto das cidades, os trens deben ser de rodadura desprazable. Feijóo reiterou a necesidade de que Galicia poida dispoñer dos trens AVRIL antes do verán, ante a celebración do Ano Santo que se estenderá tamén ao 2022.

Nun contexto global que aposta pola mobilidade máis sostible e pola súa descarbonización, e nun escenario no que se avanza en novas vías de fiscalidade para o transporte por estrada, Feijóo salientou que Galicia e Castela e León precisan contar con infraestruturas e con servizos de transporte ferroviario necesarios para salvar a súa posición xeográfica e periférica. Ao respecto, referiuse á necesidade de levar a cabo o Corredor Atlántico, así como a saída Sur de Vigo para completar o AVE do Atlántico; “e tampouco podemos renunciar ao futuro ferroviario que conecte Vigo con Ourense de forma directa e aos compromisos co AVE entre Lugo e Ourense”, recalcou.

Revista Cultural Nós, a Xente do Redor Nº5

Xa a Venda en:



Orix Publicidade 988 60 70 75 - 672 435 891



Blanca Riestra gañou o Premio Blanco-Amor coa novela "Aquí empeza o mar"

Blanca Riestra, escritora coruñesa, foi a gañadora do XL Premio de novela longa Eduardo Blanco-Amor pola súa obra *Aquí empeza o mar*, presentada baixo o lema *O sumidoiro*, e na que retrata á cidade da Coruña a través de diversos momentos da súa historia. A novela gañadora foi seleccionada de entre un total de 37 orixinais presentados a este certame, que organiza a Deputación de Ourense en colaboración coa Fundación Eduardo Blanco Amor e que está dotado cun premio de 15.000 euros.

O xurado valorou de xeito unánime que a novela "entronca coas tendencias literarias actuais que se cultivan noutros lugares", destacando a elección da cidade da Coruña "como gran personaxe colectiva en varios momentos da súa historia recente, retratándoa cun xeito moi orixinal e vívido, magnético e a través dun estilo que combina con mestría xéneros como a literatura de autoficción, o xornalismo ou a novela da memoria, sen perder nunca como faro literario a forza da subxectividade". Todo isto, engade a acta, enriquecido "cun relato xeracional onde se reflicten con acerto as vivencias de protagonistas ficticios, mais tamén reais, que deste xeito quedan xa para sempre inmortalizados".

Blanca Riestra (*A Coruña*, 1970) é licenciada en Filoloxía Hispánica



Reunión do xurado no centro cultural Marcos Valcarcel.

pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora pola Universidade de Borgoña (Francia). Foi directora do Instituto Cervantes de Alburquerque (Estados Unidos), directora literaria da colección "Versión Celeste" da editorial francesa Orbis Tertius, profesora universitaria e na actualidade é docente de ensino medio no IES Adormideras da Coruña.

A súa traxectoria literaria comezou en 1996 coa publicación da novela *Anatol y dos más*, á que seguirían máis dunha ducia de títulos. En todo este tempo o seu labor foi recoñecida con diversos galardóns, entre os que cabe citar o premio Ateneo Joven de Sevilla (2011) pola novela *La canción de las cerezas*; *El sueño de Borges* (2005, premio Tigre Juan); *Todo lleva su tiempo* (2007, finalista do premio Fernando Qui-

ñones); *Pregúntale al bosque* (2013, premio Ciudad de Barbastro); *Greta en su laberinto* (2015, premio Torrente Ballester); *Noire Compostela* (2016, premio de novelas por entrega de La Voz de Galicia); ou *Últimas noches del edificio San Francisco* (2020, premio Ateneo de Sevilla).

O xurado foi presidido por Luís González Tosar, en representación da Fundación Blanco-Amor, e integrado por Luciano Rodríguez Gómez, Mercedes Corbillón Fernández, e César Lorenzo Gil, actuando como secretaria Tensi Gesteira.

O galardón, o máis veterano e de maior prestixio da novela en lingua galega, será entregado nun acto que se celebrará no Liceo de Ourense o 1 de decembro, coincidindo co 42 aniversario do pasamento do escritor.

A estrada Alto do Couso a Maceda renovará o firme



As obras afectarán tamén a vila de Maceda.

O Goberno galego licitará as obras de renovación do firme e reparación de beirarrúas na estrada OU-104, así como a mellora da accesibilidade nas estradas OU-101 e OU-103, ao seu paso polo concello de Maceda, que suporán un investimento da Xunta de 568.272 euros. O prazo de execución destas intervencións será de 5 meses.

As obras consistirán na substitución da capa de rodadura e na reparación de beirarrúas na OU-104, a estrada autonómica entre o Alto do Couso e Maceda, concretamente, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 5+370 e 5+980. Ademais, mellorarase a accesibilidade nas estradas autonómicas OU-101, Ourense-Maceda, e OU-103, Maceda-Os Milagres do Medo.

O proxecto prevé, ademais, a recollida das augas de escorras superficiais ao longo do trazado dos treitos das tres estradas nos que se actúa, que se reali-

zarán mediante sumidoiros e reixas-sumidoiro a base dun canal de formigón que se conectarán á rede municipal existente de evacuación de augas pluviais que discorre pola zona de actuación.

Instalaranse, ademais, 47 luminarias de módulo LED fabricadas en aluminio inxectado sobre columnas troncocónicas de 7 m de altura fabricadas en chapa de aceiro ao carbono; e executaranse canalizacións subterráneas para previsión de futuras instalacións de baixa tensión e telecomunicacións no núcleo de Maceda.

Plantaranse, así mesmo, 29 novas árbores, (15 carballos comúns e 14 carballos meloxos) en alcorques de nova execución recheos cun pavimento drenante realizado "in situ" cun morteiro a base de resinas e áridos de cor; e colocaranse 52 asentos de formigón prefabricado de 50x50x45 cm, fixados ao chan polo seu propio peso.

Depósito de auga potable para Paredes, en Montederramo

A Xunta construíu un depósito de auga potable no núcleo de Paredes, en Montederramo, unha actuación que se está a executar coa axuda concedida por Augas de Galicia ao Concello de 42.600 euros.

Gabriel Alén, delegado territorial da Xunta, explicou que a actuación ten como obxectivo garantir auga potable á poboación de Paredes, que na actualidade posúe captacións deficitarias que fan que durante o verán o recurso sexa insuficiente.



O alcalde, Antonio Rodríguez, e Gabriel Alén.

Alén subliñou que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade continúa prestando o seu apoio técnico e financeiro ás entidades

loais para axudalas a desenvolver de xeito eficiente as súas competencias de saneamento, depuración e abastecemento.

Nova sala expositiva no castelo de Castro Caldelas

O 25 de novembro, día contra as violencias machistas, o castelo de Castro Caldelas tamén se tingueu de lila. Co nome de "Tempos de Mulleres", preténdese abrir outra mirada con perspectiva de xénero á historia da Idade Media.

Nesta exposición, abóndanse diferentes temas como o traballo, a sexualidade, a literatura e en definitiva o rol da muller nos diversos espazos da vida cotiá. O obxectivo desta nova sala, é

desmontar os amplos estereotipos preestablecidos tanto sobre a Idade Media como sobre a figura feminina. Deste xeito, ponse en valor o local, recuperando a historia en feminino, dende a señora de Caldelas ata aquelas mulleres -a gran maioría- que non pertencían as clases privilexiadas facendo un exercicio de revisión da nosa historia.

A exposición pode verse de luns a domingo en horario de mañá e tarde (no inverno: 10-14 e 16-18).

Turismo de Galicia promove as camiñadas en contornas senlleiras a través do produto turístico “Paseos que namoran”

Trátase dunha unha guía que recolle 80 traxectos para desfrutar de andainas cerca do mar ou da montaña, preto dos ríos ou nas paisaxes urbanas galegas.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia puxo en marcha a iniciativa Paseos que namoran, unha guía turística na que se recollen rutas para realizar camiñadas en contornas galegas senlleiras.

Os 80 itinerarios recollidos distribúense polas catro provincias galegas divididos en seis temáticas: Contemplando o mar (21 traxectos), Na ribeira do río (22), Descubrindo as fervezas (19), Entre bosques e montañas (4), Patrimonio oculto (7) e Paseos urbanos (7). Son, en total, 214 quilómetros por 84 concellos; 29 na provincia da Coruña, 21 na de

Lugo, 17 na de Ourense e 17 na de Pontevedra.

Tal como destaca o vicepresidente primeiro da Xunta e responsable de Turismo no Goberno galego, esta iniciativa encadra no modelo de turismo tranquilo que reclaman os visitantes e que coincide coa aposta galega por un turismo seguro, sostible e de calidade, do que o Camiño de Santiago é o buque insignia, pero que se complementa con estes percorridos máis pequenos e cómodos que axudan a descubrir recunchos moitas veces descoñecidos da Galicia urbana e rural, dos seus ríos e das súas costas.



Presentación de “Paseos que enamoran” en Madrid.

O patrimonio natural galego


Paseos que namoran é unha mostra do potencial de Galicia como destino sostible, que pon en valor un dos seus principais atractivos: o patrimonio natural.

Así, o turismo sostible é necesario para a posta en valor das áreas protexidas e para divulgar e concienciar da súa riqueza, ao tempo que se contribúe á súa dinamización económica. Coñecer Galicia é coidar do verde e do azul que identifican os seus valores.

Paseos que namoran constitúe unha experiencia máis que se encadra no obxectivo da Xunta de seguir reforzando a imaxe de Galicia como destino seguro, para o que conta coa posta en marcha do seguro coronavirus para que os viaxeiros que se acheguen á nosa comunidade teñan cubertos os seus gastos sanitarios, de aloxamento ou transporte ante un posible contaxio.

O seguro coronavirus busca tamén a recuperación do sector turístico, e a súa posta en marcha é, así mesmo, unha medida de apoio ás axencias de viaxes e ás empresas do sector, que poderán ofertar Galicia como destino seguro aos seus clientes.

Ademais, a Xunta ten en marcha iniciativas de fomento do consumo interno como a Tarxeta Bono Turístico #QuedamosenGa-



licia, que tivo unha gran acollida ao esgotarse as tarxetas en só 12 horas, xunto coa reactivación do programa Elixé Galicia. Entre

ambas iniciativas a Xunta prevé inxectar 10 millóns de euros no sector turístico para axudalo na súa reactivación.

A Xunta xestiona a biomasa forestal en Cualedro e Monterrei

José González, conselleiro do Medio Rural e Manuel Rodríguez, director xeral de Defensa do Monte, supervisaron as execucións subsidiarias de xestión da biomasa que se están levando a cabo nos concellos ourensáns de Cualedro e Monterrei. Uns traballos nos que a Xunta investirá preto de 260.000 euros co obxecto de deixar limpas de maleza e de arborado prohibido pola Lei de incendios (piñeiro, eucalipto e acacia) case 100 hectáreas situadas en franxas secundarias, isto é, nos 50 metros máis próximos ás vivendas.

En todo caso, o conselleiro recalcou que estes cartos serán repercutidos aos propietarios pertinentes porque -segundo dixo- todos debemos cumprir a lei co obxectivo de anticiparnos aos incendios forestais. Estas execucións subsidiarias comezarán en sete concellos galegos elixidos pola recorrencia de lumes e porque tiñan avanzadas as revisións da empresa pública Seaga nas parroquias non priorizadas. En concreto, xa se empezou a limpar nos municipios ourensáns de Cualedro e Monterrei, no coruñés de Carnota e no pontevedrés de Gondomar. Posteriormente, actuarase nas localidades ourensás da Gudiña e Lobios e na lucense das Nogais.



Trátase de evitar os incendios forestais.

No caso de Cualedro, a porcentaxe de xestión da biomasa nas faixas secundarias aproxímase ao 73 % tendo en conta a superficie e en case o 72 % se atendemos ao número de parcelas limpas. Así mesmo, o conselleiro do Medio Rural apuntou que se remitiron ao Concello de Cualedro para a instar á limpeza dos terreos pertinentes preto de 2.000 comunicacións, que inclúen tanto notificacións a particulares como publicacións para dar con propietarios descoñecidos. Nese senso, se falamos do custo que supoñen as execucións subsidiarias para xestionar biomasa nesta localidade, o importe ascende a case 120.000 euros para limpar preto de 50 hectáreas.

Canto a Monterrei, está xestionada preto do 80 % da superficie situada en franxas secundarias e máis do 77 % se nos fixamos

no número de parcelas nesas franxas. No que se refire ás comunicacións remitidas ao Concello para a instar á limpeza, enviáronse preto de 1.600 notificacións e publicacións. Por último, o titular de Medio Rural sinalou que o importe das execucións subsidiarias que se repercutirá aos propietarios que proceda aproxímase aos 140.000 euros, para ter xestionadas -neste caso de Monterrei- outras case 50 hectáreas.

José González referiuse á Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e ás figuras de posta en valor que contempla para xerar actividade económica que sirva, ao tempo, de anticipación aos incendios forestais. Nesa liña, destacou que a comarca de Monterrei será a primeira en acoller polígonos cortalume, deseñados especificamente para exercer de devasa natural fronte aos lumes.

A Xunta rehabilitará o CEIP de Mariñamansa



Colocarase novo chan vinílico antideslizante nas aulas.

Gabriel Alén, delegado da Xunta, achegouse ata o CEIP de Mariñamansa para anunciar a sinatura da acta de replanteo, previa ao comezo das obras de rehabilitación integral do centro escolar por un valor de 861.776,47 euros, cun prazo de execución de 5 meses, e que teñen por obxecto conseguir un menor gasto enerxético e unha mellor e máis cómoda estancia dentro del, así como a mellora das instalacións deportivas e os accesos ao edificio.

Esta actuación consistirá no forrado da edificación con illamento térmico polo exterior; na substitución das fiestras existentes por outras con rotura de ponte térmico, incluíndo vidreira e persianas; a colocación de novo falso teito; a substitución das luminarias existentes por

outras de maior eficiencia e o pintado de despachos, sala de profesores, secretaría, comedor, salón de actos, zonas comúns e aulas.

Entre os grandes proxectos que se levarán a cabo, o delegado territorial salientou a rehabilitación Integral de tres centros educativos na cidade de Ourense (CEIP Mariñamansa, IES Blanco Amor e IES As Lagoas), a licitación do proxecto de ampliación para distintas familias profesionais do CIFP A Carballeira (50.000€) e as obras de conservación na catedral de Ourense 200.000€. O delegado territorial puxo énfase no proxecto do Centro Galego de Innovación da FP no que Xunta e Deputación invisten un total de 10M de euros e que converterá nun centro educativo de referencia a nivel autonómico.

O PP defende o compromiso de Rajoy coa variante exterior do AVE

O deputado no Congreso pola provincia de Ourense, Celso Delgado, saíu en defensa do compromiso do goberno popular de Mariano Rajoy coa variante exterior do AVE "fronte ás inadmisibles mentiras do PSOE ourensán, que trata de impoñer diante da opinión pública un falso relato sobre o traballo realizado polo PP para facer realidade este proxecto".

Delgado subliñou que "desde o minuto un celebramos a adxudicación dos dous primeiros tramos da variante exterior, cuxa execución defende o PP desde hai anos, ao igual que en xullo felicitamos á entón presidenta de ADIF, Isabel Pardo de Vera, tralo anuncio da licitación destas obras,

unha actitude absolutamente construtiva ao tratarse da infraestrutura que completará a chegada da alta velocidade a Ourense, cos seus beneficios engadidos".

"Se algo temos en torno a esta cuestión é unha completa e exacta documentación oficial sobre desta infraestrutura -advertiu Delgado- que deixa totalmente en evidencia as manifestacións do PSOE, pois como se pode comprobar sinxelamente no BOE a tramitación da variante exterior xa data de 2014, co Partido Popular no goberno".

O deputado fixo unha mención concreta aos orzamentos do Estado de 2018, no que ADIF-AV "xa incluía o proxecto da variante de Ourense, cifrando o seu custo en 635,56 millóns de euros con investimentos

ata 2024". En detalle, para 2018 consignábanse 3 millóns; para 2019 outros 35; para o seguinte ano 228 millóns; e para o presente exercicio 154,6 millóns de euros. Uns datos que desmontan as mentiras dos socialistas "e aínda máis cando resulta que estes orzamentos estiveron prorrogados ata 2020".

Celso Delgado emprazou á dirección socialista en Ourense "a abandonar a política destrutiva, mentireira e autocompracente que só busca réditos políticos, que non ten capacidade para recoñecer o mérito dos gobernos de distinta cor política e dos empresarios ourensáns que no seu día apostaron por defender a variante exterior".



O deputado por Ourense, Celso Delgado.

A Deputación patrocina un libro dunha vicesecretaria do Partido Popular

O PSdeG-PSOE de Ourense sostén nun comunicado de prensa que “Manuel Baltar vén de gastar a dedo 10.300 euros nun libro dunha das integrantes da súa executiva no Partido Popular ourensán que, ademais, é reiteradamente candidata dos conservadores ao Congreso e amiga da súa familia. Nun novo alarde do caciquismo e amiguismo co que goberna a Deputación de Ourense, acordou este gasto a través dun contrato menor para o servizo de deseño maqueta e impresión da publicación Gómez Quevedo, M^a Belén: Ribeira Sacra. El pasado es presente”.

O presidente “ordena a tramitación como contrato menor ao amparo do disposto nos artigos 29.8 e 118” da Lei de Contratos do Sector Público, xustificando este gasto “para dar cumprimento á resolución do plan de publicacións” da institución provincial aprobado para o ano 2021. Sen embargo, segundo se desprende da documentación xustificativa

que acompaña ao contrato menor, vense na obriga de incrementar o gasto previsto porque “tras coñecer o contido da obra, constátase que o orzamento indicado polo asesor Aurelio Gómez Villar” é “insuficiente”.

“A maioría das fotografías deberán ser retocadas e moitas delas substituídas”, indican. “Ademais, a publicación incorpora táboas que, na súa maior parte, deberán ser redeseñadas e integradas”, detallan os técnicos antes de concluír que “como consecuencia do exposto, a complexidade de produción é superior á que correspondería a un libro do mesmo volume de páxinas e texto na que non se tivesen que incorporar este tipo de traballos”. O traballo final deberá entregar un texto de “176 páxinas de Word” con fotografías, mapas, táboas e infografías que deberán “retocar”, “substituír” ou “reelaborar”.

“María Belén Gómez Quevedo é vicesecretaria xeral de turismo e termalismo do comité executivo do Partido Popular ourensán. Tamén forma parte, de forma reiterada, da candidatura ao Congreso pola provincia. Ademais, mantén unha amizade moi próxima co propio Baltar e a súa familia”, indican no PSdG.



Desde o PSdeG-PSOE denuncian o “abuso constante” destas “prácticas clientelares” coas que “malgasta” cartos públicos de todos e todas “só en beneficio dos seus

amigos e amigas dentro do PP”. Os socialistas cualifican este gasto como un “dispendio innecesario” que “evidencia” unha vez máis como o presidente ourensá “usa a Deputación Provincial como unha oficina sectaria de contratación e adjudicación, para favorecer unicamente os seus intereses persoais e non “para o ben común”.

Os e as socialistas advirten,

unha vez máis, de que van a estar “vixiantes” ante a inxente cantidade de cartos públicos “utilizados partidistamente de forma intencionada e reiterada” polo PP de Ourense, “comprometendo e manchando a imaxe das nosas institucións”. “Seguiremos a traballar sen descanso para protexer á histórica deputación destas prácticas clientelares”, conclúen.

A Xunta invita a produtores a sumarse ao polígono agroforestal proxectado en Oímbra

A Xunta anima aos agricultores a sumarse ao polígono agroforestal proxectado no municipio ourensán de Oímbra, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. O subdirector de Mobilidade de Terras, Alejandro Sánchez de Dios, acompañado pola alcaldesa de Oímbra, Ana María Villarino, vén de manter un encontro con posibles interesados en cultivar produtos agrícolas e de horta no marco deste instrumento de posta en valor, incluíndo os da indicación xeográfica protexida Pemento de Oímbra. O polígono agrario promovido nesta localidade ourensá constaría de 22 hectáreas, repartidas en 72 parcelas de 73 propietarios.

Na xuntanza, o subdirector lembrou que os polígonos agroforestais constitúen unha das principais ferramentas contempladas na nova



O subdirector de Mobilidade de Terras coa alcaldesa e agricultores.

norma e explicou que esta figura voluntaria ten por obxecto a volta á produción de grandes áreas de terra con boa capacidade produtiva que alcadaron, co paso do tempo, estados de abandono ou infrautilización.

O representante de Medio Rural trasladou tamén que, xunto coas aldeas modelo ou as agrupacións

de xestión conxunta, os polígonos son un instrumento concibido para crear nova actividade económica no rural, contribuíndo á xeración de riqueza e á fixación de poboación, ao tempo que se avanza na anticipación aos incendios forestais, ao exercer esta actividade de devasa natural fronte ao lume.

ANTOMS

ATRAPASUEÑOS



Chantada, Carballedo e Taboada melloran as instalacións deportivas

José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte, visitou a comarca de Chantada para supervisar a finalización das actuacións sufragadas nos tres concellos chantadinos grazas aos convenios de colaboración asinados pola Secretaría Xeral cos gobernos locais. En total, o investimento nas instalacións deportivas da comarca de Chantada en 2021 acadou máis de 160.000 euros dos que a Xunta de Galicia achegou o 80%.

En primeiro lugar Lete Lasa dirixiuse ao Concello de Carballedo onde, acompañado polo alcalde, Julio Manuel Yebra-Pimentel, visitou a pista polideportiva do complexo deportivo da Barrela, que contou cun orzamento total de preto de 50.000 euros (48.373,46 euros), dos que a Xunta de Galicia achegou o 80% (38.718 euros) e a entidade local o restante 20% (9.655,46 euros).

O campo de xogo é un rectángulo formado pola soleira de formigón de 42 por 24 metros para encaixar os terreos de fútbol sala (40 por 20) e de baloncesto (28 por 15). O pavimento elixido é de formigón pulido e o equipamento da pista dúas porterías de fútbol sala e dúas canastras de baloncesto que se poden retirar para a práctica do fútbol sala.

No Concello de Taboada supervisou co alcalde, Ramiro Moure, a reforma da bancada do campo de fútbol e a construción dunha pista de pádel no complexo deportivo da Medela. En total, esta actuación tivo un orzamento global de 40.000 euros, sendo achegado o 80% pola Xunta (32.000 euros) e o restante 20% polo municipio (8.000 euros). No caso do campo de fútbol, leváronse a cabo as obras de peche dos laterais dos gradaríos, dado que nas épocas invernaís polo efecto do



Polideportivo Municipal de Chantada.

vento e das augas pluviais quedan totalmente inservibles. Ademais realizouse a tabiquería nos peches e divisións interiores dos vestuarios. Respecto á pista de pádel, a estrutura principal é metálica de aceiro laminado e o revestimento do pavimento e do céspede artificial fibrilado de última xeración lastrado con area de sílice. Instaláronse ademais catro focos

de 200 watios.

Lete Lasa comprobou en Chantada xunto ao alcalde, Manuel Lorenzo, a instalación do videomarcador no polideportivo municipal, así como a reforma dos vestuarios do mesmo. No caso do videomarcador, trátase dunha pantalla LED deportiva duns 10 m2 con tecnoloxía de última xeración que contou cun orzamento

total de 24.200 euros -sendo o 83% (20.000 euros) da Xunta e o 17% (4.200 euros) do concello-. Para reformar os vestuarios, remodeláronse os catro existentes no complexo deportivo conservando únicamente a tabiquería perimetral dos catro locais, así como o aseo do árbitro e o pintado do vestiario e colocación dun pavimento igual ao aseo. En total foron 48.000 euros, sendo o 80% achegado pola Xunta (38.400 euros) e o 20% restante polo concello (9.600 euros).

A Secretaría Xeral para o Deporte afianza así o seu compromiso coas infraestruturas deportivas. Dos 32.474.216 euros cos que conta en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118% máis que en 2020 cando se destinou ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.

O Concello de Lugo incorporará 67 desfibriladores nas instalacións municipais

O Concello de Lugo aprobou, en xunta de goberno, a adxudicación que permitirá instalar 67 desfibriladores que axuden a actuar canto antes ante posibles infartos, dos que 47 irán en edificios e instalacións municipais e 10 serán móbiles para os coches da Policía Local e os servizos de emerxencias. Ademais, se incluírán 10 tótems para colocar no exterior.

A empresa adxudicataria para a subministración, instalación e mantemento integral foi Esforem Formación de Emerxencias, por un importe de 148.078 €. “Esta iniciativa responde ao noso compromiso pola saúde. Desde o Concello cremos de especial importancia investir en salvar vidas, tendo en conta que a reanimación cardiopulmonar nos primeiros 3 a 5 minutos é imprescindible xa que eleva as taxas de supervivencia entre o 49 ao 75%. En cambio, cada minuto que esta acción se atrasa redúcese a probabilidade de supervivencia entre un 10 e un 12%”, segundo lembra a rexedora.

Con esta iniciativa, incluída no



Olga López, concelleira de Benestar Social e Lara Méndez, alcaldesa.

programa ‘Lugo con Corazón’, Lugo situarase moi riba da ratio recomendada por Europa de 10 desfibriladores por cada 10.000 habitantes, converténdose na cidade máis cardioprotexida das grandes cidades galegas e incluso do Noroeste peninsular”, destacou Lara Méndez.

Coa instalación dos desfibriladores poranse en marcha cursos de formación para o seu correcto uso, que recibirán os empregados municipais.

O modelo contratado, pesa aproximadamente 1,8 quilos, está dotado

dunha pantalla con indicacións de tempos e número de descarga. Entre as melloras presentadas pola adxudicataria, inclúese a ampliación de caducidade da batería de 2 a 4 anos; a substitución, sen custo, da batería unha vez superada a caducidade establecida; o aumento do tempo de mantemento dos equipos de 4 anos a maiores dos 3 anos obrigatorios, a implantación dos 10 tótems externos con desfibrilador, así como un programa de formación RCP básica, a maiores da esixida para o primeiro ano.

Mostra sobre as mulleres músicas

A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolle a exposición “Elas tamén soan”, que reivindica a presenza feminina ocultada ao longo dos séculos na tradición da música culta galega. A mostra foi elaborada polo profesorado e o alumnado do colexio Sagrado Corazón de Jesús en Ribadeo, está coordinada pola xefa de estudos do centro, Begoña Sanjurjo e participaron no seu deseño e dirección as mestras Carme Rodríguez Rodríguez e Carme Rodríguez Cancelo. A edición dos paneis correu a cargo da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.

Consta de once paneis divididos en tres bloques: as mulleres que fixeron historia, as que están a facer historia e as mulleres músicas propias de Ribadeo, localidade que acolleu a primeira parada da exposición o pasado mes de xuño.

A través de fotografías e pequenas biografías, a mostra rescata o traballo das mulleres compositoras e intérpretes, dende autoras como María Pérez, A Balteira, afamada soldadeira do medievo, pasando por Eugenia Osterberguer, Agustina del Carmen Otero -bailarina e actriz coñecida como La Bella Otero-, María Aurea Rodríguez, primeira galega gaitreira documentada na nosa historia, ata mulleres do noso presente, como a compositora Margarita Viso, a tamén compositora Lucía Martínez ou, tamén, mulleres do panorama musical da nosa época en Ribadeo, como é o caso da percusionista Irene Rodríguez ou da docente Helena Celia López.

Redacción LUGO

Unha unidade móbil garante o servizo da Oficina Agraria de Sarria que está en obras

A Consellería do Medio Rural vén de iniciar obras de mellora na Oficina Agraria Comarcal de Sarria para actuar principalmente na fachada e na planta baixa, onde está a zona de atención ao público. Os traballos favorecerán a accesibilidade mediante a ampliación da rampla de entrada para adecuala á normativa actual e inclúen a instalación de portas de apertura automática.

Co fin de mellorar a eficiencia enerxética actuarase na envolvente térmica; substituiranse carpinterías exteriores e dotarase a planta baixa dun sistema de ventilación. Tamén se reforzará a instalación eléctrica, entre outros traballos.

O proxecto enmárcase no Plan integral de reestruturación e optimización das Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) iniciado pola Xunta, que inclúe tanto actuacións de optimización de tipo organizativo e funcional como de mellora



Os traballos teñen un orzamento próximo aos 50.000 euros.

das infraestruturas.

A Oficina Agraria Móbil está instalada estes días no campo da feira para garantir o funcionamento do servizo mentres duren as reformas. Nesta oficina pódense facer xestións que se desenvolven habitualmente en calquera oficina agraria comarcal, como trámites relacionados co servizo veterinario ou xestión de axudas.

A Xunta puxo en marcha esta unidade como un elemento máis

da rede de oficinas agrarias espalladas por todo o territorio galego, polo que todas as instalacións físicas actuais permanecerán abertas. O novo dispositivo servirá para cubrir as necesidades xurdidas naqueles emprazamentos onde por mor das obras non se poida acceder ás oficinas agrarias comarcais físicas, a maiores do seu cometido principal de desprazarse aos lugares onde non existen este tipo de instalacións.

A Biblioteca de Samos terá nova cuberta



A axuda máxima é de 30.000 euros e non pode exceder do 90% do orzamento total do proxecto subvencionable.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade destina 500.000 euros a 40 concellos de toda Galicia para a mellora e equipamento das instalacións e locais destinados a actividades de carácter cultural. Na biblioteca municipal de Samos se está acometendo a substitución da cuberta grazas a unha achega de 21.500 euros ao abeiro deste programa.

Dos 40 beneficiarios, unhas 23 son dirixidas ao acondicionamento e dotación de bibliotecas, e o resto a aulas multiusos e casas da cultura. O prazo

para xustificar as obras remata o 15 de decembro.

A Consellería financia actuacións relativas ao equipamento e mobles de locais; a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmoables, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local, como equipamento escénico, audiovisual, iluminación ou son. Tamén accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, entre outras.

Escolares lucenses iniciáronse na escalada a través do programa Xogade

Uns trescentos estudantes lucenses iniciáronse este curso na escalada a través do programa de deporte escolar Xogade, promovido pola Xunta a través da Secretaría Xeral para o Deporte. Javier Arias, delegado da Xunta, visitou ao grupo do CEIP Insua Bermúdez de Vilalba que participou na última sesión prevista para esta tempada. Durante o mes de novembro, achegáronse ao rocódromo do Pazo de Feiras e Congressos rapaces de entre quinto de Primaria e segundo da ESO procedentes de todas as áreas da provincia.

Este curso participaron nas xornadas de promoción da escalada alumnos e alumnas do IES de Becerreá, CEIP Juan Rey de Lourenzá, CPI Uxío Novoneyra de Pedrafita do Cebreiro, CPI de

Cervantes, CEIP Rosalía de Castro de Lugo, CEIP de Monforte de Lemos, CPI Tino Grandío de Guntín e CPI de Navia de Suarna, ademais dos escolares vilalbeses que asistiron esta mañá.

Arias confirmou o interese que está a despertar entre os escolares esta modalidade, que se ofertou por primeira vez hai dous anos de xeito experimental. "Xa hai solicitudes de centros que queren participar o vindeiro curso", afirmou.

O rocódromo RocoLugo conta con máis de 3.500 presas de escalada e 1.300 metros cadrados de superficie escalable, divididos en sectores con diferente nivel de dificultade. O muro de iniciación é de 12x12,5 metros, con diedros, placas e formacións que simulan a escalada en roca.

Cun investimento total de máis



A participación nestas actividades e o servizo de transporte son gratuítos.

de 387.000 euros, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Secretaría Xeral para o Deporte achegaron un 45%, mentres que a Deputación asumiu un 35% e o Concello o restante 20%.

O programa Xogade oferta variedade de disciplinas "para fomentar que os máis novos practiquen deporte e se acostumen

aos hábitos de vida saudables". A programación deportiva escolar inclúe atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, campo traviesa, dúatlon, fútbol sala, multixogo 6-8, natación, orientación, patinaxe artística, piragüismo-dragóns, tenis de mesa, voleibol, xadrez e xogando co atletismo.

Póliza de accidentes para funcionarios de Monforte

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, ben de asinar o decreto a través do cal dende o Concello se subscribe por primeira con todos os empregados municipais unha póliza de accidentes, que cubrirá fronte ós accidentes que lles ocorran a causa ou con ocasión do traballo e ás enfermidades laborais causadas de xeito directo polo exercicio do seu traballo.

O decreto adxudica entón o servizo de seguro de riscos laborais para os traballadores municipais do Concello de Monforte de Lemos, baseado no Acordo Marco da FEMP, a aseguradora Markel Insurance SE Sucursal en España, por un prezo total de 5.779,80 €/año e un prazo de execución de un ano prorrogable por 1 ano máis.

Gandeiros de Montederramo coñeceron a Estratexia da Xunta para dinamizar o sector

A Xunta impulsa a Estratexia de dinamización do sector da carne de Galicia para fomentar, promocionar e desenvolver esta área estratéxica dentro do agro da nosa comunidade. Así o manifestou o conselleiro do Medio Rural, José González, en Montederramo, a onde acudiu para visitar unha explotación cárnica e para reunirse con gandeiros do sector na bisbarra.

José González insistiu en manifestar o apoio decidido do Goberno galego a este eido produtivo en particular e ao sector primario en xeral. No caso concreto da carne, o conselleiro explicou que o seu departamento puxo en marcha a devandita estratexia sectorial precisamente para avanzar cara unha produción sustentable, respectuosa co medio ambiente,

que aposte polo benestar animal e que xere riqueza e oportunidades nos espazos rurais. Tamén, lembrou, co fin de mellorar o nivel de transformación da industria cárnica galega e de xeración de valor engadido en todos os elos da cadea.

Outro obxectivo desta Estratexia pasa “por aumentar o peso das marcas de calidade na transformación e comercialización do produto, así como por incentivar o consumo de carne e por mellorar o ecosistema de investigación, innovación e formación dentro do sector. O impulso á remuda xeracional nas explotacións e á promoción da carne galega son outras das finalidades que se perseguen con esta planificación”, remarcou o conselleiro.

Medidas de apoio ao sector

O titular de Medio Rural referiuse á canle Mercaproximidade, creada durante a pandemia como alternativa para favorecer a comercialización dos produtos primarios a través das principais cadeas de distribución. Lembrou que un total de 4.621 gandeiros galegos – entre eles o titular da explotación visitada en Montederramo – recibiron preto de sete millóns de euros por este concepto en tempo de pandemia.

José González destacou tamén a Lei de recuperación da terra agraria como unha medida normativa que persegue dotar de base territorial aos agricultores, gandeiros e silvicultores e que terá unha positiva incidencia en particular no vacún de carne. Así, engadiu, estes gandeiros, que xa están asentados no territorio e



O Conselleiro de Medio Rural co alcalde de Montederramo, primeiro pola esquerda.

que demandan máis superficie, contribúen ao sostemento medioambiental do espazo rural e tamén á loita contra os incendios forestais.

O conselleiro mencionou tamén o plan de pastos de Galicia, que beneficia especialmente este sector. Un plan que – salientou – suporá un investimento, no conxunto de Galicia, de arredor de

9,5 millóns de euros para actuar nunha superficie dunhas 2.250 hectáreas. E precisamente lembrou que un dos pasteiros desenvolvidos na primeira fase deste plan, xa rematada, se localiza neste municipio ourensán e abrangue unha extensión de 34 hectáreas en montes da Pena do Outeiro e Santiago da Medorra (Montederramo).

Xunqueira de Ambía podería ter un polígono agroforestal para cereais

Xunta e Concello de Xunqueira de Ambía acordaron estudar a posibilidade de implantar un polígono agroforestal co fin de dedicalo a cereal para a Indicación Xeográfica Protexida Pan Galego. Decidiuse que por parte da Consellería, técnicos deste departamento da Xunta desprazaranse á zona seleccionada para buscar áreas con certo nivel de abandono, co fin de situar o polígono, que podería ter unha superficie dunhas 100 hectáreas, segundo as primeiras estimacións, e que se localizaría na parroquia de Sobradelo.

José González, conselleiro de Medio Rural, sinalou que a posta en marcha deste instrumento, que contempla a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, contribuirá á xeración de riqueza e á fixación de poboación, ademais de supoñer un avance na anticipación aos incendios forestais, ao exercer estes cultivos de devasa natural fronte ao lume. Lembrou ademais que os polígonos agroforestais constitúen



José González, José Luis Gavilanes e Inés Santé.

unha das principais ferramentas contempladas na nova norma e explicou que esta figura voluntaria ten por obxecto a volta á produción de grandes áreas de terra con boa capacidade produtiva que alcanzaron, co paso do tempo, estados de abandono ou infrautilización.

Na reunión co alcalde José Luis Gavilanes, tamén se abordou a mellora das infraestruturas rurais do municipio e, neste sentido, o titular de Medio Rural puxo

en valor a inclusión de Xunqueira de Ambía, no marco da estratexia para a Limia, no plan extraordinario de reparación de camiños, dotado cun total de 600.000 euros este ano. Así, este concello beneficiarase dunha achega de algo máis de 36.000 euros para mellorar os seus viais. A través deste programa repararanse camiños empregados, fundamentalmente, polos agricultores e gandeiros locais desta bisbarra ourensá.

Actividades infantís no Nadal de Ourense



O Poboado de Nadal da Praza de Bispo Cesáreo, o espazo infantil do Parque de San Lázaro, e a Praza Maior acollerán actividades dirixidas á cativada da cidade ao longo das festas de Nadal 2021, organizadas pola Concellería de Educación do Concello de Ourense.

No Parque de San Lázaro os nenos e as nenas atoparanse cos tres Reis Magos, e poderán depositar as súas cartas en candaseus buzóns. Tamén haberá casetas de Nadal, onde se desenvolverán diferentes actividades infantís, como obradoiros para

elaborar adornos e complementos, postais e chapas, amais dun photocall. Será cada tarde, de 17 a 19h, de luns a domingo, desde o día 3 ao 30 de decembro e desde o 2 até o 4 de xaneiro.

Na Praza de Bispo Cesáreo, o poboado de Nadal está protagonizado por Papá Noel e acollerá actividades polas mañás para alumnado dos centros educativos da cidade. Pola tarde, para todo o público infantil haberá propostas de lecer como danza, sesións de contacontos e obradoiros de manualidades a cargo do persoal das bibliotecas municipais.

Allariz xa ten orzamento para 2022

O Concello de Allariz aprobou o orzamento municipal de 2022 que ascende a 6.277.347 euros e “está realizado con criterios de prudencia e rigor, tendo en conta o resultado da Conta Xeral do exercicio 2019, 2020 e o estado de execución do ano en curso”, segundo explicou Cristina Cid alcaldesa de Allariz.

Estas contas, sen embargo, apenas incorporan ingresos dos Fondos Next Generation, ao considerar que non existe información veraz e fiable sobre a posibilidade de que unha parte deses fondos poda ser xestionado polas entidades locais.

Allariz ten chegado a un nivel de equipamentos e de prestacións de servizos nos últimos anos elevado. Ao mesmo tempo, a xestión dos equipamentos e a prestación destes servizos realízase pola administración, motivo polo cal é necesario destinar o 75.2% do orzamentos aos capítulos 1,2,3 e 4 de gastos.



Cristina Cid presentando os orzamentos de 2022.

“Ao mesmo tempo que se garante o mantemento dos servizos, e necesario realizar inversións na mellora dos equipamentos e infraestruturas existentes, pero tamén dotar ao concello de novos recursos, sempre na dirección de incrementar o benestar das nosas veciñas e veciños”, sostén a al-

caldesa.

“O equilibrio entre a calidade de vida e a dinamización económica, segue sendo un obxectivo irrenunciable. Da dinamización económica depende boa parte da calidade de vida da que disfrutamos, e o papel que o Concello de Allariz ten xogado ao longo dos anos ten sido decisivo para crear o escenario no que podan desenvolverse esas actividades económicas” afirmou Cristina Cid.

Por este motivo, o Concello de Allariz, destinará no orzamento de 2022, máis de medio millón de euros a política social, aínda que as competencias neste apartado son autonómicas, o concello asumirá con recursos propios.

En definitiva, Cristina Cid presentaba un orzamento rigoroso e realista, coa vista posta no mantemento dos estándares de benestar social actuais, pero tamén na expectativa dunha cada vez máis normalizada vida, que permita seguir avanzando na recuperación económica.

A Xunta entregou vivendas sociais en Allariz



Acto de entrega da documentación.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo entregou vivendas de aluguer en Allariz. A promoción de vivendas construídas na rúa Irmandade, nº 5 de Allariz, data do ano 2011, e o número de vivendas da promoción é de 32. As vivendas foron adxudicadas en réxime de alugamento, cunhas rendas que non exceden dos cen euros, en función dos ingresos das persoas adxudicatarias. A superficie útil das vivendas é de 51,28 m² e 50,46 m². Constan de, salón-comedor, cociña, 1 dormitorio, 1 baño, lavadoiro e un vestíbulo; rocho e garaxe.

Gabriel Alén, delegado territorial da Xunta, explicou que as persoas beneficiarias xa poden facer uso das vivendas de in-

mediato. De feito, a maiores das vivendas de promoción pública a Xunta desenvolve unha serie de medidas sociais encamiñadas a atender esta demanda e mantén aberto ao longo de todo o ano a posibilidade de inscribirse no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda (RU-DEVI).

Na actualidade na provincia de Ourense existen cincocentas corenta e oito unidades familiares inscritas. Así mesmo, como explicou a delegado, a Xunta de Galicia a través do IGVS continúa promovendo a adquisición de novos edificios para ampliar o parque público de vivenda. No ano 2021 efectuaronse incluíndo estas vivendas, 15 entregas en segundas ou posteriores adxudicacións.

Obradoiro de emprego no Macizo Central

A Consellería de Emprego e Igualdade inviste 346.946.00 euros no obradoiro de emprego de Chandrexa de Queixa que está a formar a 20 alumnos-traballadores no módulo de actividades auxiliares en conservación e mellora de montes. Os concellos beneficiarios son: Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río.

As persoas desempregadas que participan nestes programas, que desenvolven os concellos, mancomunidades e entidades sen ánimo de lucro do sector forestal, poden acceder ao longo de 9 meses a unha formación de calidade con opción a obter un certificado de profesionalidade e a un contrato de traballo. Ademais, unha vez remate o obradoiro, os alumnos e alumnas teñen a opción de traballar nunha empresa da contorna por un mínimo de tres meses cun contrato a xornada completa. Para este fin, a Xunta concede incentivos á contratación.



Alumnos do obradoiro e os alcaldes.

A formación que se imparte nos concellos está adaptada aos perfís máis demandados das empresas da contorna polo que algúns alumnos atopan emprego mesmo antes de finalizar a súa formación. O delegado da Xunta felicitou aos participantes: “porque teredes a oportunidade de formarvos durante meses e de traballar para mellorar as vosas capacidades profesionais e a vosa empregabilidade, polo que é moi importante aproveitar esta formación para poder atopar un emprego”.

Os participantes están a desenvolver as súas tarefas de limpeza de camiños municipais de acceso a masas frondosas autóctonas e rutas de sendeirismo no concello de Manzaneda; adecuación e limpeza de roteiros de sendeirismo en A Pobra de Trives (Penalonga, Sequeiros de Penafolence e Ruta da Vía Nova); obras de mellora e tratamentos silvícolas nas fincas de A Nogueira e Pico Rasa en San Xoán de Río; e acondicionamento e mellora de rutas de sendeirismo en Chandrexa de Queixa.

SANTABAIA
RESTAURANTE

CENAS DE NAVIDAD

Menús
por 30€, 35€ y 40€ (persona)

Entrantes, Principal, Postres y Bodega

Consúltanos

Reservas Tlf. 988 380 254 - 635 405 820

Restaurante santabaia
SANTABAIA 28 PEREIRO DE AGUIAR, OURENSE

SERVICIO DE TAXI
Paque de San Lázaro - Restaurante, 5€ persona/trayecto.

Ponte... nas Ondas! presenta Meninos Cantores 2 - Cantamos Nós!

Co patrocinio e a colaboración do Consello da Cultura Galega, o Xacobeo 2021-22 e a TVG

A sede do Consello da Cultura Galega foi o escenario para a presentación do proxecto de Meninos Cantores 2 - Cantamos Nós! que impulsa a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...Nas Ondas!. Na presentación participaron Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega; Rosa Vilas, adxunta á dirección xeral da CRTVG; Cecilia Pereira, comisaria do Xacobeo; Santiago Veloso, presidente de PNO!; Segundo Grandío, produtor do documental e do aspecto musical; e Fernando Abreu, profesor, músico e padriño dun dos centros

participantes desta iniciativa

Trátase dunha nova proposta realizada a partir da primeira edición de Meninos Cantores editada en 2005. Naquel entón foron 17 centros educativos localizados entre Vigo e Porto quen recrearon temas do patrimonio musical galego-portugués. Un tema común composto por Uxía Senlle e Segundo Grandío foi gravado nun videoclip na ponte entre Tui e Valença por máis de 500 xoves das dúas beiras. O traballo servirá para apoiar a candidatura de Ponte...nas ondas! ao rexistro das mellores prácticas co PCI (Patri-

monio Cultural Inmaterial) presentada xa na UNESCO por Portugal e España.

Son outra vez 17 centros educativos de Galicia e de Portugal que prepararon un novo repertorio musical que transcende ese espazo poñendo en diálogo permanente as dúas beiras da fronteira. Os escolares de cada un deles escolleron un artista que apadriña e participa no proxecto.

O resultado deste proxecto, que viu trastocado os seus prazos por mor da pandemia, tradúcese nun libro disco, nunha serie documental, nun espazo web e un



glosario. Ademais, contén imaxes de todo o proceso de gravación nun USB e un código QR que remite ao espazo web onde está aloxada a serie documental.

O produto audiovisual, segundo explicou Grandío na rolda de prensa, contén o proceso levado a cabo desde setembro de 2020 para realizar o documental. Tamén contén declaracións do profes-

rado implicado, opinións do alumnado, testemuños de veciños e veciñas, imaxes dos lugares de gravación e videoclips protagonizados polo alumnado e os artistas colaboradores. Está dividido en catro capítulos e a adxunta a dirección da CRTVG, Rosa Vilas, anunciou que a Televisión de Galicia o vai emitir durante o Nadal.

Máis de medio millón de euros para as áreas de rehabilitación de Ourense

A concelleira de Urbanismo do Concello de Ourense, Sonia Ogando asinou coa ministra de Transportes, Mobilidade e Agenda Urbana, Raquel Sánchez, e a concelleira de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, Ángeles Vázquez, o convenio de colaboración para financiar a execución de proxectos nas catro áreas de rehabilitación da cidade.

Na cidade de Ourense os convenios asinados daránlle apoio á execución de proxectos de mellora en edificios, vivendas ou espazos públicos no Centro Histórico de

Ourense (18ª fase), O Polvorín-As Camélias- A Carballeira (6ª fase), Serra San Mamede- Cruceiro Quebrado- A Inmaculada (4ª fase) e no núcleo de interese etnográfico de Seixalvo (13ª fase).

Os convenios teñen un importe total de 566.082,5 euros, dos que o Ministerio achegará 442.000 euros, a Consellería de Medio Ambiente outros 114.213 e o Concello os 9.869,50 euros restantes.

O programa de axudas dará apoio a actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas, incluídas as unifamiliares, de ur-

banización ou reurbanización de espazos públicos ou, no seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas xa demolidos. Entre as obras subvencionables están as de instalación de ascensores, a reparación de cubertas e fachadas, a mellora da accesibilidade ou a instalación de calefacción, entre outras.

Tras asinarse os convenios de colaboración, o Concello convocará as axudas, ás que poderán optar os propietarios de vivendas e edificios que se vaian rehabilitar



A sinatura realizouse na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

con fins residenciais dentro de cada área. O importe máximo destas subvencións, que se poderán executar ata o ano 2025, é de 24.000 euros por vivenda.

Ademais, o Concello recibirá axudas para executar pola súa conta actuacións de urbanización

e reurbanización de espazos públicos nestas áreas e financiamento para sufragar os custos da oficina municipal de rehabilitación, que desenvolve estes programas e presta atención ao público na rúa Primavera, nº 1, teléfono 988 366 235.



LOTería
RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo